



MEMORIA DE ACTIVIDADES
2022

SAÚDE MENTAL, É DE LEI

COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

ÍNDICE

1. Estado da colexiación.
2. Órganos de xestión.
 - 2.1 Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas.
 - 2.2 Xunta de Goberno.
3. Comisión de Ética e Deontoloxía.
4. Comisión para a Defensa da Profesión.
5. Valedor/a das colexiadas e colexiados.
6. Seccións.
 - Sección de Psicoloxía e Saúde.
 - Sección de Psicoloxía Educativa.
 - Sección de Psicoloxía Xurídica.
 - Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.
 - Sección de Psicoloxía da Intervención Social.
7. Comisións.
 - Comisión Intersectorial de Mediación.
 - Comisión Intersectorial de Feminista.
 - Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.
 - Comisión de Cultura.
 - Comisión de Autocoidado.
 - Comisión de Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias.
 - Comisións de Valoración Autonómicas das Acreditacións Profesionais do Consejo General de la Psicología
8. Grupos de traballo.
 - GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.
 - Grupo de Tráfico e da Seguridade.
9. Convenios de colaboración.
 - Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero.
 - Programa Abramos o Círculo.
 - Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero.
 - Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.
 - CONVENIOS
 - Protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
 - Acordo marco de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia.
 - Convenio coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS).
 - Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela.
 - Convenio coa Universidade de Vigo.
 - Convenio coa Fundación Meniños.
 - Convenio coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).
 - Convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
 - Convenio coa Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)
 - Convenios coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
 - Convenio coa Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC).
 - Convenio con Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN)
10. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense.
11. Servizo de Mediación en Asuntos Cívicos e Mercantís.
12. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.
13. Premios de Comunicación Xoan Vicente Viqueira.
14. Eventos colexiais.
15. Representación Colexial nos Consellos da Administración.
16. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

17. Relacións e colaboracións institucionais.
18. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología de España.
19. Publicacións.
20. Medios de comunicación.
21. Servizos colexiais.
22. Balances económicos.

Editorial

1. ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2022

ALTAS 308

Última promoción	88
Cota completa	91
Media cota	57
Reincorporacións	50
Traslados	18
Xubilación	4
Asociados/as	0

BAIXAS 126

Voluntarias	99
Traslados	18
Defunción	3
Xubilación	6

Total de colexiados e colexiadas a 31-12-2022: 3.499

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía e Saúde	335
Sección de Psicoloxía Educativa	94
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	120
Sección de Psicoloxía Xurídica	158
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	37

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 29 de marzo. Sesión ordinaria.
- 13 de decembro. Sesión ordinaria.

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO ATA O 18 de MAIO

M^a Rosa Álvarez Prada. Decana.

Hipólito Puente Carracedo. Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa / TIC e Administración electrónica.

Ana Isabel Martínez Arranz. Secretaria / Coordinadora co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez. Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte.

Miguel Ángel Chouza Ponte. Tesoureiro / Servizos Colexiais.

M^a del Carmen González Pais. Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

Fátima López Rodríguez. Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial Feminista.

Eva Muíño Gómez. Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

José Manuel Oreiro Blanco. Vogal / Publicacións / Coordinador ca Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

Marina Ortega Otero. Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Xurídica.

Socorro Rodríguez Holguín. Vogal / Relacións Académico-Profesionais.

M^a Concepción Rodríguez Pérez. Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade.

Víctor Manuel Torrado Oubiña. Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.

Ata esa data celebráronse un total de 4 Xuntas de Goberno ordinarias para a dirección e xestión da actividade colexial:

- 28 de xaneiro. Sesión ordinaria.
- 22 de febreiro. Sesión ordinaria.
- 22 de marzo. Sesión ordinaria.
- 13 de maio. Sesión ordinaria.

A Xunta de Goberno do COPG, con na súa reunión do 28 de xaneiro, acordou convocar eleccións. O proceso culminou coa proclamación definitiva de resultados o 18 de maio, efectuada pola Comisión Electoral, cumpridos os prazos estipulados para a presentación de reclamacións, en cumprimento co

disposto no artigo 42 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Decreto 114/2008).

O 24 de maio fíxose o traspaso de competencias da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na que se presentaron pola Xunta de Goberno saínte os informes da memoria de actividades e a situación económica e patrimonial do Colexio e fíxose entrega á nova Xunta de Goberno da documentación legal do COPG.

O día 31 de maio tivo lugar a toma de posesión da Xunta de Goberno entrante cos cargos que a continuación se detallan:

M^a Rosa Álvarez Prada. Decana.

Hipólito Puente Carracedo. Vicedecano / TIC e Administración Electrónica/ Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez. Secretaria / Formación e Desenvolvemento profesional.

M^a Carmen González Hermo. Vicesecretaria / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social / Coordinadora como Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.

Miguel Ángel Chouza Ponte. Tesoureiro / Servizos colexiais.

José Berdullas Barreiro. Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.

M^a Begoña Castro Iglesias. Vogal / Publicacións / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa.

Ricardo Fandiño Pascual. Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía Xurídica / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación.

Concepción Fernández Fernandez. Vogal / Coordinadora Comisión Intersectorial Feminista/ Coordinadora Comisión de Cultura e Sociedade.

Eva Muíño Gómez. Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

Ana M^a Núñez Rubines. Vogal / Coordinadora do GIPCE.

José Manuel Oreiro Blanco. Vogal / Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

Socorro Rodríguez Holguín. Vogal / Coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión / Relacións Académico-Profesionais.

A partir desta data celebráronse un total de 6 Xuntas de Goberno ordinarias para a dirección e xestión da actividade colexial:

- 31 de maio. Sesión ordinaria.
- 28 de xuño. Sesión ordinaria.
- 6 de setembro. Sesión ordinaria.
- 18 de outubro. Sesión ordinaria.
- 29 de novembro. Sesión ordinaria.
- 9 de decembro. Sesión ordinaria.

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

Composición da Comisión de Ética e Deontoloxía

Luis Carlos Álvarez García, *presidente*
Marta Rivas Rodríguez, *secretaria*

Susana Blanco Fernández
Ana Paula Martínez Figueiras
M^a del Pilar Millán Cerqueiro (ata o 29 de marzo de 2022)
M^a Inmaculada Casabiell Rodríguez (desde o 29 de marzo de 2022)
Vogais

M^a del Carmen González Pais (ata o 31 de maio de 2022)
José Manuel Oreiro Blanco (desde o 31 de maio de 2022)
Coordinación coa Xunta de Goberno

Reunións celebradas

Celebráronse un total de nove reunións:

11 de febreiro. Sesión ordinaria.
1 de abril. Sesión ordinaria.
18 de abril. Sesión extraordinaria.
27 de maio. Sesión ordinaria.
13 de xuño. Sesión extraordinaria.
8 de xullo. Sesión ordinaria.
9 de setembro. Sesión ordinaria.
29 de outubro. Sesión ordinaria.
16 de decembro. Sesión ordinaria.

Nestas xuntanzas contouse coa presenza de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, quen asesorou permanentemente en asuntos de carácter legal.

a) Actividades

Como xa é coñecido, a actividade desta Comisión vira principalmente ao redor de tres áreas específicas:

- Tramitación e instrución de queixas/denuncias que calquera cidadán pode facer en relación coa actividade de calquera profesional da psicoloxía que estea colexiado/a.
- Respostas a consultas que ante dúbidas ou dilemas se poden dar no exercicio da profesión da psicoloxía.
- Activade docente e pedagóxica con respecto á ética e á deontoloxía da nosa profesión.

Quedaban 3 expedientes pendentes do ano 2018, que foron resoltos do seguinte xeito:

- 1 expediente en suspensión por contencioso administrativo.
- 1 expediente en suspensión por procedemento xudicial.
- 1 expediente que foi resolto pola Xunta de Goberno do COPG.

Quedaban 2 expedientes pendentes do ano 2021 que foron resoltos pola Xunta de Goberno do COPG.

Durante o ano 2022 abríronse 25 expedientes e a súa situación é a que segue:

- 19 expedientes foron resoltos pola Xunta de Goberno do COPG. 14 arquivados e 5 con proposta de sanción.
- 5 expedientes en tramitación.
- 1 expediente en suspensión.

Total expedientes:

Expedientes pendentes (2018):	3
Expedientes pendentes (2021):	2
Expedientes novos (2022)	25
TOTAL:	30

Estado dos expedientes:

Expedientes resoltos:	22 (73,3 %)
Expedientes en suspensión:	3 (10%)
Expedientes en tramitación:	5 (16,6 %)

Tramitación de expedientes:

Expedientes admitidos a trámite:	9 (46,2 %)
Expedientes non admitidos a trámite:	12 (34,6 %)
Expedientes pendentes de decisión a trámite:	5 (19,2 %)

Artigos do Código Deontolóxico da Psicoloxía con proposta de sanción:

Art. 15 en 4 expedientes.
Art. 29 en 2 expedientes.
Art. 40 en 1 expediente.
Art. 42 en 1 expediente.
Art. 48 en 5 expedientes.

b) Servizo de consultas:

Servizo ao cal poden dirixirse consultas para propoñer dúbidas sobre cuestións éticas e deontoloxía do exercicio da profesión. Durante este ano recibíronse 39 consultas as cales a data 31 de decembro estaban todas contestadas menos unha.

O maior número das consultas, un 44,7%, estaban referidas a dúbidas con respecto ao consentimento parental, seguido de consultas referidas ao uso da información, informes, etc.

No que respecta ao tipo de consultantes, a maior porcentaxe, como é habitual, corresponde a profesionais da psicoloxía, un 71%. O resto dos datos son similares aos do ano anterior: un 18% de familiares de menores que están a ser atendidos, un 8% do/a propio/a usuario/a e un 3% de profesionais da avogacía.

Os artigos máis citados nas respostas ás consultas foron o artigo 42 (dereito á información) e o artigo 25 (en relación ao consentimento parental en menores).

No últimos anos a tendencia a é a un aumento progresivo das consultas, entendendo que a visibilización da Comisión de Ética e Deontoloxía a través das distintas formacións e publicacións e unha maior sensibilidade e preocupación das psicólogas e psicólogos está a incidir neste aumento.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíse como Comisión Electoral para o proceso electoral da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:

A Comisión colaborou coa Circular Informativa cunha contribución sobre as relacións duais.

e) Actividades de formación:

- Impartíuse do módulo “Ética e Deontoloxía” para o alumnado do Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) no marco dun convenio asinado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da USC. A actividade desenvolveuse durante os meses de outubro e novembro, e contou cun total de 20 horas lectivas.
 - Curso “Guía para a elaboración de informes psicolóxicos: Aspectos técnicos e deontolóxicos”, impartido por M^a Carmen González Pais e Susana Blanco Fernández os días 4 e 5 de novembro.
- f) Participación na reunión dos presidentes das Comisións Deontolóxicas dos distintos colexios de psicoloxía, convocada polo Consejo General de la Psicología o 28 de maio de 2022.

4. COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, así como dos e das profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

Composición da Comisión

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *coordinadora ata o 31 de maio de 2022*
Socorro Rodríguez Holguín, *coordinadora desde o 31 de maio de 2022*

Vogais:

José Manuel Pazos Riveiro
Jessica Rodríguez Czaplicki
M^a Victoria Canosa Raña, desde o 6 de setembro de 2022
Hafdallah Menni El Ouali, desde o 6 de setembro de 2022

Cristina Fontaíña García, desde o 6 de setembro de 2022
Víctor Manuel Torrado Oubiña, desde o 30 de novembro ata o 6 de setembro de 2022
Tania Rodríguez Canitrot, ata o 6 de setembro de 2022
Francisco Javier Sardiña Agra, ata o 6 de setembro de 2022

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

4 de febreiro.
14 de febreiro.
14 de marzo.
12 de xullo.
20 de outubro.
1 de decembro.

Actividades:

a) Ao longo do ano 2022 recibíronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia un total de 19 novas queixas que foron abordadas pola Comisión para a Defensa da Profesión do COPG.

O expediente tratado ao longo do ano 2022, un total de 22 expedientes, dez deles de exercicios anteriores e dos que a final de ano 9 están en tramitación aínda, pódense agrupar pola súa natureza do seguinte xeito:

- Profesionais doutros ámbitos que anuncian ou ofertan intervención ou tratamentos presuntamente psicolóxicos (9 casos).
 - Formación conflitiva por colidir ou invadir competencias do/a profesional da psicoloxía (1 caso).
 - Persoa que se anuncia como psicólogo/a sen estar Colexiado/a (6 casos).
 - Outros (3 casos).
- b) A Comisión para a Defensa da Profesión iniciou o deseño de campañas publicitarias, dirixidas á poboación xeral e ás persoas Colexiadas, que previsiblemente verán a luz durante o ano 202.

5. VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do valedor/a das Colexiadas e Colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como a persoa que defende os dereitos e intereses de todos os Colexiados e Colexiadas perante os demais órganos Colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das Colexiadas e Colexiados:

Antonio González Fernández

Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do valedor.

6. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de cinco seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

6.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Composición da Xunta Directiva

Xacobe Abel Fernández García
Presidente
Paula Marcos Carregal
Vicepresidenta
María Villarino González
Secretaria
Eduardo Martínez Lamosa
Tesoureiro
Carlos José Losada López
Vogal
Alicia Carballal Fernández
Vogal
Almudena Campos González
Vogal ata o 26 de xaneiro de 2022
José Eduardo Rodríguez Otero
Vogal ata o 26 de xaneiro de 2022.
Sandra Cudeiro Domínguez.
Vogal desde o 16 de marzo de 2022.

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

26 de xaneiro
16 de marzo (Asemblea extraordinaria de Socios/as)
23 de marzo
1 de xuño
6 de xullo
14 de setembro
9 de novembro
18 de novembro (Asemblea de Socios/as)
14 de decembro

Actividades

a) Formación:

- Curso “Psicoloxía sanitaria: Empezar ben”.
Datas: 28 e 29 de outubro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Coordinadores: Carlos José Losada López e Paula Marcos Carregal.
Docentes: Cristina Veira Ramos (G-4277), Psicóloga Clínica no centro Andainas Psicoloxía Clínica e Terapia Familiar; e Cecilia Barros Díaz, Asesora Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia .

b) Xornadas da Sección:

- XXVII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde “Infancia e adolescencia: coidar a súa evolución, evolucionar no seu coidado”.
Datas: 17, 18 e 19 de novembro de 2022.
Lugar: Pontedeume

Comité Organizador:

Gonzalo Martínez Sande

Presidente

Mercedes Castro Bal

Vogal

Zoraida González Cornide

Vogal

Comité Científico:

Manuel Castro Bouzas

Presidente

Ana María Díaz Vargas

Vogal

Francisco Díaz Sánchez

Vogal

Melania Beceiro Rico

Vogal

M^a Ángeles Castro Díaz

Vogal.

c) Anuario de Psicoloxía e Saúde:

O Consello de Redacción está composto por:

M^a Gabriela Domínguez Martínez, *directora*

Noelia Pita Fernández

Paula Rodríguez Vázquez

Laura Sotelo Estévez

Aislinn García Hermo

Anuario Psicoloxía e Saúde número 15 “CORPOS”.

Edición en formato dixital, presentado nas XXVII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.

d) Grupos de traballo:

Grupo de Traballo dos Titores e Titoras dos/as Especialistas en Formación en Psicoloxía Clínica (PIR):

As persoas integrantes deste grupo son:

Irene Martínez Montero (Santiago de Compostela, coordinadora) / Isabel Figueroa Matallín (Ferrol) / Melania Beceiro Rico (Ferrol) / Rafael Hernández López (Ourense) / Yolanda Castro Casanova (Ourense) / Delia Guitián Rodríguez (Lugo) / Francisco Javier Sardiña Agra (A Coruña) / Jacinto Casas Araújo (Pontevedra) / María José Veiga Candán (Vigo).

Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía:

Pendente de que alguén amose interese na súa reapertura.

Grupo de Traballo de Atención Primaria:

A este grupo sumáronse as psicólogas e psicólogos clínicos nos proxectos piloto do SERGAS en Atención Primaria. Trasladas á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia algúns dos problemas na implementación da psicoloxía clínica en atención primaria na reunión co Conselleiro.

As persoas integrantes deste grupo son:

Alicia Carballal Fernández (coordinadora) / María José Carreira Vidal / Paula Cid Gutiérrez / Santiago Lago Canzobre / Carlos José Losada López / Cristina Alonso Vilar / Casilda Mariana Oujo Fernández / Luis Rodríguez Recarey / Patricia Vázquez Batán / Lidia Sánchez Edreira.

Grupo de Traballo para o Tratamento de Trastornos Mentais Severos:

Atópase inactivo desde a realización das XXVI Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.

Grupo de Traballo do Observatorio Post-catástrofes:

Atópase inactivo desde a publicación do Protocolo de intervención en catástrofes e como se coordina a atención psicolóxica unha vez que rematan as funcións do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal.

Está pendente a asignación dunha representante por parte da Comisión Intersectorial Feminista do COPG. As persoas integrantes deste grupo son:

Iria Carnoto Figal (coordinadora) / M^a Sandra Fernández Román / Hadriana Ordóñez Otero.

Grupo de Traballo de Trauma e EMDR

As persoas integrantes deste grupo son:

M^a Jesús Taboada Costas (coordinadora) / Isabel Varela Sánchez-Caballero / Isabel Aneiros Loureiro / Mar Rodríguez Martínez / Belén Peña Pintané / Soledad Ozores Dopereiro / Rebeca Lago Moreira

Grupo de Traballo de Intervisión

Organización de sesións mensuais para os colexiados e colexiadas. Grupo de apoio centrado na reflexión, experiencias e o autocoidado como profesionais.

As persoas integrantes deste grupo son:

Natalia Seijo Ameneiros (coordinadora) / Alba Tamara López Vellón / Yoana Fernández Moreno / Carmen Corina Rodas Verdes / Ángela María Piñeiro Cotelo

Grupo de Traballo de Trastornos Adictivos

Mantéñense as reunións mensuais e papel activo dos/as seus/súas integrantes nas reivindicacións do colectivo, como a defensa da asistencia ás adiccións no ámbito de atención pública á saúde mental.

As persoas integrantes deste grupo son:

María Carou López (coordinadora) / Jesús Cancelo Martínez / M^a Carmen Guimeráns Freijeiro / Maximino Portela Freire / Gerardo Sabio Fernández / Lourdes Suárez Fernández / María Villarino González.

Presentación do webinar en Falamos, ciclo de experiencias compartidas do COPG “¿Quiénes somos, de dónde venimos y a dónde vamos?” o 3 de marzo de 2022.

e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web. Eduardo Martínez Lamosa (ata novembro de 2022) e Sandra Cudeiro Domínguez (a partir de novembro de 2022).

f) Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación (Noemí Silva Álvarez), Feminista (María Villarino González) e Psicoloxía e Deporte (Delfina Vicente Santiago)

g) Participación na Comisión de avaliación de expedientes para a acreditación para o exercicio de actividades sanitarias. Asisten ás reunións Xacobe Abel Fernández García e Alicia Carballal Fernández.

g) Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

h) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía. Carolina Sanmartino Arias.

i) Participación nas reunións da División de Psicoloxía Clínica e da Saúde (PCyS) do Consejo General de la Psicología. María Villarino González.

j) Participación nas reunións da División de Neuropsicoloxía Clínica (NPsiC) do Consejo General de la Psicología. Xacobe Abel Fernández García.

- k) Enviáronse achegas á Comisión Intersectorial Feminista do COPG para remitir ao SERGAS unha resposta conxunta con alegacións aos protocolos para atención a mulleres vítimas de agresións sexuais e ao protocolo en caso de sospeita de sumisión química, denunciando que non se tivese contado con profesionais da psicoloxía na súa elaboración.
- l) Presentación de enmendas ao Decreto Lei de Formación Sanitaria Especializada, orientadas a visibilizar a PIRes e especialidades non médicas e a búsqueda de equidade entre residentes en canto a horas de traballo e formación.
- m) Valoración en medios de comunicación sobre o “Anteproxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde”.
- n) O presidente da Sección, Xacobe Abel Fernández García, participou xunto coa decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o conselleiro de sanidade da Xunta de Galicia, Julio García Comesaña, para o seguimento do Plan Estratéxico de Saúde Mental PosCovid-19 período 2020-2024.
- o) Xunto co vogal da Sección, José Berdullas Barreiro, o presidente da Sección, Xacobe Abel Fernández García, asistiron a unha reunión con María Tajés, Xefa de Servizo de Saúde Mental do SERGAS, e Nuria de Castro-Acuña, Xefa do Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais do SERGAS.
- p) Xacobe Abel Fernández García, presidente da Sección, reuniuse con diferentes representantes de partidos políticos para trasladarlle diferentes reivindicacións.
- q) Reunión do presidente da Sección, Xacobe Abel Fernández García, con membros da Asociación do Covid Persistente, para difundir unha guía de boas prácticas.
- r) O presidente da Sección, Xacobe Abel Fernández García, participou como revisor externo na “Guía de Práctica Clínica sobre o manexo da depresión no adulto”.
- s) Elaboración de respostas ás consultas recibidas no COPG sobre a área de psicoloxía e saúde.

6.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Composición da Xunta Directiva

Manuela del Palacio García
Presidenta
 Ana M^a Ulloa Lage
Vicepresidenta
 M^a Asunción Teijeira Bautista
Secretaria
 M^a Begoña Castro Iglesias
Tesoureira
 Nuria Lago Fernández
 Concepción López Martín
 Carolina Tinajero Vacas
Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

5 de xaneiro
17 de febreiro
23 de marzo
26 de abril
24 de maio
6 de xullo
25 de outubro
28 de novembro (Asemblea de socios e socias)

Actividades

a) Formación:

- I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa “Psicoloxía Educativa, sempre emocionando”

As I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa “Psicoloxía Educativa, sempre emocionando” celebráronse o pasado 30 de setembro e 1 de outubro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Desde o Concello de Santiago de Compostela, ofrecéusenos unha recepción oficial por parte da corporación municipal, con quen analizamos a situación tan crítica que viven moitos menores nos centros educativos: suicidios, autolesións, desmotivación, acoso, adiccións.

O acto inaugural foi presidido por Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC); Francisco Santolaya Ochando, presidente do Consejo General de la Psicología de España, Judith Fernández nova, directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta de Galicia; Gumersindo Guinarte Cabada, concelleiro responsable de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo do Concello de Santiago de Compostela, e M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

As xornadas constituíron un espazo de reflexión e intercambio de coñecementos e experiencias de profesionais da Psicoloxía Educativa. Foron moitos e complexos temas tratados por expertos como Ángel M. Carracedo Álvarez, catedrático, investigador e experto internacional en xenética, quen nos falou das súas últimas investigacións. Pilar Calvo Pascual, coordinadora da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología e decana do COP La Rioja, impartiu a conferencia inaugural “Sen saúde psicolóxica non hai oportunidades educativas”. Escoitamos a Hipólito Puente Carracedo, doutor en Psicoloxía Educativa e vicedecano do COP Galicia coa súa conferencia “O camiño invisible da desmotivación escolar”. A conferencia do profesor da Facultade de Psicoloxía da USC, Antonio Rial Boubeta, proporcionounos datos rigurosos do estudo sobre “Tecnoloxía en novas adiccións na infancia e adolescencia: saúde, convivencia e responsabilidade social”. Dous simposios sobre o peso que cobran as emocións na toma de decisións (Carolina Tinajero Vacas, Noelia Guerra Ferreiroa e Florentina Rivadulla Taboada) e a educación emocional e sexual (Belén Montesa Lou, Penélope Alonso Vázquez e Ianire Estébanez Vázquez) aportáronnos coñecementos de grande calidade expositiva. Rematamos con catro obradoiros impartidos por expertos en temas de emocións e mediación (Ana M^a Ulloa Lage), apoio emocional na escola ao alumnado de espectro autista (Marlene Horna Castiñeiras), atención psicolóxica ante incidentes críticos en centros educativos (Olegaria Mosqueda Bueno e Concepción López Martín) e pílulas de supervivencia emocional para psicólogos/as (Carla Teixeira Lago).

O acto de clausura estivo presidido pola decana da Facultade de Psicoloxía da USC, M^a José Sampedro Vizcaya, a coordinadora da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología de España, Pilar Calvo Pascual, e a presidenta do Comité Organizador e da Sección de Psicoloxía Educativa do COP Galicia, Manuela del Palacio García. As conclusións das xornadas, expostas por esta última, definen unha situación complexa e delicada pola que atravesan os menores da nosa sociedade á que debemos dar unha resposta como profesionais da Psicoloxía Educativa a nivel preventivo, diagnóstico e de intervención, solicitando ás distintas administracións e consellerías a necesidade de que todos os centros educativos contén con psicólogos/as educativos/as.

- Coorganización da presentación “O Acoso escolar y deportivo. La prevención ES POSIBLE. Evidencias científicas”. Programa TEI, tutoría entre iguais.
Data: 6 de maio.
Modalidade: semipresencial.
Relator: Andrés González Bellido.
- Presentación “Achegas do COPG para a intervención psicolóxica en educación fronte as emerxencias e a COVID-19” en Falamos, ciclo de experiencias compartidas do COPG.
Data: 3 de febreiro.
Modalidade: online.
Relatora: Olegaria Mosqueda Bueno.

b) Documentación elaborada:

- Solicitado pola División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología, elaborouse un documento sobre “Modelos de orientación educativa no sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Reivindicación da necesidade de especialidades en Psicoloxía Educativa nos centros educativos, presentado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
- Con motivo do Día Internacional contra o Acoso Escolar, o 2 de maio emitíuse un manifesto e imaxe a través da web e redes sociais do COPG co título “Rompe a cadea do acoso escolar

c) Outros: investigación e innovación.

- Desde a Fundación Española para a Promoción e o Desenvolvemento da Psicoloxía Científica e Profesional (PSICOFUNDACIÓN), en coordinación co Consejo General de la Psicología, universidades españolas e as consellerías de educación de diferentes comunidades, vaise realizar un proxecto científico que ten por título “*Prevención de los problemas emocionales en el contexto educativo: eficacia del Protocolo Unificado para el Tratamiento Transdiagnóstico para adolescentes*” (PsiCE). Estudo a nivel internacional e pioneiro en España e que persegue previr os problemas emocionais (ansiedade, depresión...) nos contextos educativos, mellorando o axuste socioemocional e escolar da nosa mocidade. Esta proposta de investigación está coordinada en Galicia polo Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e colaboran psicólogos/as educativos/as como Olegaria Mosqueda Bueno, Juan Manuel Daponte Codina, Alfredo Fornos Pérez e M. Carmen Lorenzo Vila.

- O Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela solicitou avalar desde a Sección de Psicoloxía Educativa do COPG o Proxecto de Xeración do Coñecemento 2022 que presentan ante o Ministerio de Ciencia e Innovación. Contan co apoio e colaboración por parte da Sección. A presidenta da Sección, Manuela del Palacio García formará parte deste proxecto.
- d) Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación (Ana M^a Ulloa Lage), Feminista (Concepción López Martín) e Deporte (Carolina Tinajero Vacas).
- e) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía. M^a Begoña Castro Iglesias.
- f) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web. Nuria Lago Fernández.
- g) A vogal da Sección, Olegaria Mosqueda Bueno, impartiu no mes de febreiro unha charla no IES A Sangriña (A Garda) sobre crises de ansiedade e trastornos emocionais dirixida ao alumnado.
- h) Concepción López Martín, vogal da Sección, fixo unha intervención no CPI Poeta Uxío NovoNeyra (Pedrafita) o 5 de setembro ante a ansiedade da comunidade educativa por mor aos fogos da zona.
- i) Participación en Santiago de Compostela da reunión da División da Área de Psicoloxía Educativa (PsiE) do Consejo General de la Psicología, organizada ao abeiro das I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa. Asistiron Manuela del Palacio García, presidenta da Sección e Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG e membro da División PsiE.
- j) Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

6.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Dolores Seijo Martínez
Presidenta
 M. Milagros Martínez García
Vicepresidenta
 Concepción Fernández Martínez
Secretaria
 Alba María Sousa Martínez
Tesoureira
 Ricardo Fandiño Pascual
 Lucía Monroy Fernández
 Nuria González Lois
 Manuel Vilariño Vázquez
 M^a Filomena Garrido Blanco (ata o 21 de xaneiro)
Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

7 de febreiro.

6 de xullo.

17 de decembro (Asemblea de socios e socias)

Actividades

a) Formación:

- Curso “Manipulación psicolóxica en tempos de pandemia: contextos, grupos e estratexias para a dominación”.

Data: 29 de xaneiro.

Coordinador: Manuel Vilariño Vázquez.

Docente: Javier Martín Peña. Doutor en Psicoloxía pola Universidade de Barcelona. Desde 2012 é profesor no Departamento de Psicoloxía e Socioloxía, na área de psicoloxía social, na Facultade de Ciencias Sociais e do Traballo da Unviersidade de Zaragoza.

- Obradoiro “A avaliación pericial psicolóxica en casos de familia: orientacións para a ratificación do informe psicolóxico e a asistencia a xuízo”

Data: 17 de decembro.

Coordinador: M^a Dolores Seijo Martínez.

Relatores: Mila Arch Marín, doutora pola Universidade de Barcelona e experta en psicoloxía forense acreditada polo COP Cataluña; José Manuel Muñoz Vicente, psicólogo forense adscrito ao Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses da CAM; e Xabier Abel Llunch, maxistrado do Xulgado de Primeira Instancia N^o 14 de Barcelona.

b) Grupo de Traballo sobre Psicoloxía Xurídica na Infancia e na Adolescencia.

Membros do Grupo de Traballo:

Ricardo Fandiño Pascual, *coordinador*.

Juan Luis Basanta Dopico

Karina Bacelar Pereira

María Jesús Rodríguez Rodríguez

Laura Redondo Gutiérrez

Tania Corrás Vázquez

Katia Rolán González

Esther Arias Martínez

Raquel Gallego González

Diego Núñez arias

Bárbara González Amado

Como resultado do Grupo de Traballo elaborouse e publicouse a **Guía “Psicoloxía xurídica na infancia e a adolescencia: Guía de boas prácticas profesionais”** en versión en galego e castelán. Foi difundida no mes de outubro.

Coordinador da guía: Ricardo Fandiño Pascual.

Autores/as: Juan Luis Basanta Dopico, Doutor en psicoloxía no Departamento de Dereito Público na Universidade de Vigo e psicólogo do Xulgado e Fiscalía de Menores de Ourense; Raquel Gallego González, Doutora en Psicoloxía e mediadora, Fundación Amigó e Universidad Internacional de Valencia; e M^a Jesús Rodríguez Rodríguez, Psicóloga do Equipo Técnico do Menor da Xunta de Galicia.

Colaboradores: Esther Arias Martínez, Karina Bacelar Pereira, Tania Corrás Vázquez, Bárbara González Amado, Diego Núñez Arias, Laura Redondo Gutiérrez e Katia Rolán González.

c) Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte (M^a Dolores Seijo Martínez), Mediación (Nuria González Lois) e Feminista (Concepción Fernández Martínez).

d) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.

e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

f) Participación no VIII Congreso Internacional sobre mediación e xestión positiva de conflitos, celebrado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela do 15 ao 17 de setembro de 2022, e na que o COPG participou como entidade colaboradora.

g) Participación no XIV Congreso (INTER) Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense celebrado na Facultade de Psicoloxía da Universidad a Distancia (UNED) en Madrid os días 10, 11 e 12 de novembro de 2022, e no que o COPG participou como entidade colaboradora.

6.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Composición da Xunta Directiva

Carlos Montes Piñeiro

Presidente

José Ortuño Vilurbina

Vicepresidente

Ana M^a Entenza Vidal

Secretaria

Antonio Esteban Fuertes Saavedra

Tesoureiro

José Luis Domínguez Rey

Julio González Morandeira

Sandra Iglesias Rodríguez

Paloma Muñoz Díaz-Castroverde

Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

16 de febreiro

22 de setembro

23 de decembro (Asemblea de socios e socias)

Actividades

a) Formación:

- Obradoiro “Xestión do tempo: Como confeccionar un traxe a medida”
Data: 25 e 26 de xaneiro.
Lugar: Confederación Empresarios A Coruña (CEC).
Coordina: Carlos Montes Piñeiro.
Relator: José Ortuño Vilurbina. Asesor de Desenvolvemento e Aprendizaxe.
En colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña.
 - Sesión interactiva “O perfil profesional da psicoloxía do traballo e das organizacións. Da USC á empresa”.
Data: 19 de abril.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
Coordinador: Noelia Turnes Boquete e Carlos Montes Piñeiro.
Docente: Ignacio Villegas Losada, Consultor de Recursos Humanos en EGA Consultores.
 - Participación o 23 de febreiro na palestra “Coidando a vida laboral: Saúde mental no traballo” no marco de “Tempo da Psicoloxía” organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
 - Participación o 23 de setembro na Xornada PRL “Riscos psicosociais e saúde mental”, organizada pola Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC).
 - Participación o 14 de outubro na Xornada PRL “Riscos psicosociais: Programas de intervención”, organizada pola Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC).
- b) Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte (Antonio Esteban Fuertes Saavedra), Mediación (Carlos Montes Piñeiro), Feminista (Carlos Montes Piñeiro); Comisión de Transformación Dixital (Julio González Morandeira), Comisión de Cultura (José Luis Domínguez Rey).
- c) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía (Carlos Montes Piñeiro).
- d) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- e) Representación na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología de España (José Luis Domínguez Rey).
- f) Representación no Grupo de Traballo Virtual “Gestión de las Emociones en Entornos Organizacionales” (Antonio Esteban Fuertes Saavedra e Carlos Montes Piñeiro)
- g) Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía do traballo e das organizacións.
- h) Mantemento da Plataforma Interactiva de Traballo de PTO.
- i) Representación en comisións de seguimento dos seguintes convenios:

- Convenio de colaboración co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) (Carlos Montes Piñeiro).
- Convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC) (Carlos Montes Piñeiro).
- Convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) (Carlos Montes Piñeiro).
- j) Participación nas reunións de organización da actividade “Tempo da Psicoloxía”, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- k) Asistencia o 9 e 10 de xuño ao ORP LEAN 2022 “Santiago, final do Camiño: Dixitalización, cultura e saúde no traballo”, organizado pola Fundación ORP en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.
- l) Asistencia o 26 de outubro ao Foro empresarial de Galicia pola Igualdade, organizado pola Conferencia Empresarial de Pontevedra (CEP).
- m) Asistencia o 18 de novembro á reunión interterritorial de representantes da Área de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología.
- n) Publicación do FOCAD do Consejo General de la Psicología “Espacios de trabajo saludables: Intervención desde la Psicología del Trabajo y de las Organizaciones (2ª Edición actualizada)”.
- o) Elaboración da “Guía de cultura preventiva nas organizacións”.

6.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Composición da Xunta Directiva

M^a Leonor Galiana Caballero

Presidenta

Susana Costas Durán

Vicepresidenta

M. Carmen Patiño García

Secretaria

M. Elena Seoane de la Fuente

Tesoureira

M^a Elena Bastos Expósito

M^a Consuelo Cajide Labandeira

Rocío Carballeira Martínez

M. Celeste Porto Gómez

María Lueiro Mendoza

Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

15 de febreiro
20 de abril
28 de xullo
18 de outubro
26 de novembro (Asemblea de socios e socias)

Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's

O Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's está formado por profesionais da psicoloxía que teñen como principais obxectivos dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIMs, promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos, consensuar criterios de actuación e avaliación, mellorar estruturas e coordinación para unha abordaxe máis integral e elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

Composición do Grupo:

Susana Costas Durán, *coordinadora*.
M^a Jesús López Agra, G-1362 (CIM Ponte Caldelas)
José Manuel Valdivia Moreno, G-1940 (CIM Vilagarcía de Arousa)
Beatriz Monroy Cardoso, G-2699 (CIM Bueu)
Margarita de la Calle Bermejo, G-3023 (CIM A Estrada)
M^a Consuelo Cajide Labandeira, G-3594 (CIM Teo)
Lidia Fazanes Estévez, G-3727 (CIM Poio)

Reunións:

O grupo de traballo reuniuse en 3 ocasións:

17 de febreiro.
20 de abril.
16 de setembro.

Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento

Composición do Grupo:

Guadalupe Oroña Quintáns, *coordinadora*
María Lueiro Mendoza
Pedro Santamaría Gargamala
Arturo José Pereiro Rozas
Iria Gándara Patiño
Gemma Aneiros Pardo
Romina Mouriz Corbelle

Actividades

a) Formación:

- Obradoiro “Migración: confidencias sobre experiencias vividas”
Data: 21 de marzo.
Modalidade: Online.
Coordinadora: M^a Celeste Porto Gómez.
Relatora: M. Pilar Canos Raña, psicóloga da intervención social e mediadora comunitaria.
- Obradoiro “Detección e intervención en casos de racismo e xenofobia”
Data: 30 de marzo.
Modalidade: Online.
Coordinadoras: M^a Leonor Galiana Caballero e Alejandra Rodríguez Arranz (SOS Galicia).
Relatoras: Grabiela Frias Goytia, psicóloga e membro da OID de SOS Racismo Galicia como formadora; Esther Lora Rodríguez, licenciada en dereito e letrada en exercicio desde o 2000; e Sonia Mendes da Silva, socióloga e técnica da oficina de información e denuncias de Sos Racismo Galicia desde 2019.
Organizado en colaboración con SOS Racismo Galicia.
- Curso “Historias de resistencia: respostas narrativas ao trauma”
Data: 23 de xuño.
Modalidade: Online.
Coordinadora: Beatriz Monroy Cardoso.
Docente: Carlos Alexis Chimpén López, doutorado en Psicoloxía Clínica e profesor asociado na Facultade de Enfermería e Terapia Ocupacional.
Organizado polo Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM’s da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.
- Curso “Cando un mundo tarda en aparecer. Conversacións sobre a vida tras o intento suicida”
Data: 10 de novembro.
Modalidade: Online.
Coordinadoras: María Jesús López Agra e Cristina García Núñez.
Docente: Jorge Ayala, psicólogo e psicoterapeuta.
Organizado polo Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM’s da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

b) Participación nas Comisións intersectoriais de Deporte, de Mediación e Feminista.

c) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.

d) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

7. COMISIONS

7.1. COMISION INTERSECTORIAL DE MEDIACION

A Comision Intersectorial de Mediacion esta formada por unha persoa de cada unha das Seccions nomeada por cada unha destas.

A Comision ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicacion da mediacion tanto entre as colexiadas e colexiados como nas institucion e na sociedade en xeral.

Composicion da Comision

Hipólito Puente Carracedo (ata o 31 de maio)
Ricardo Fandiño Pascual (despois do 31 de maio)
Coordinador

Noemí Silva Álvarez
Sección de Psicología e Saúde
Ana M^a Ulloa Lage
Sección de Psicología Educativa
M^a Elena Bastos Expósito
Sección de Psicología da Intervención Social
Carlos Montes Piñeiro
Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións
Nuria González Lois
Sección de Psicología Xurídica
Cristina Torrado Tarrio
Grupo de Tráfico e da Seguridade

Reunións:

14 de abril.
5 de setembro.
15 de novembro.

7.2. COMISION INTERSECTORIAL FEMINISTA

Esta composta por unha persoa de cada unha das seccions xunto coa coordinadora da Comision dos Centros de Informacion á Muller (CIM) e as persoas coordinadoras dos Programas de Atencion Psicoloxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xenero e Abrams o Circulo.

Esta Comision ten como obxectivo principal contribuír á promoción da igualdade na nosa sociedade, enfatizando a visibilización da gravidade e o impacto das violencias machistas así como calquera forma de desigualdade por razón de sexo e/ou xenero; ser un órgano que vele, dende unha ollada transversal para que as actuacións que se levan a cabo dende as diferentes seccions, grupos, programas, etc. do COPG presten especial atención a perspectiva de xenero así como a práctica dunha psicología baseada no coñecemento científico; e promocionar e impulsar a igualdade na nosa práctica profesional así como contribuír a que outras profesións incorporen esta perspectiva na súa práctica.

Composición da Comisión

Fátima López Rodríguez (ata o 31 de maio)

Coordinadora

Concepción Fernández Fernández (desde o 31 de maio)

Coordinadora

Concepción López Martín

Sección de Psicología Educativa

María Villarino González

Sección de Psicología e Saúde

Carlos Montes Piñeiro

Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións

Concepción Fernández Martínez

Sección de Psicología Xurídica

M^a Consuelo Cajide Labandeira

Sección de Psicología da Intervención Social

M^a Luz Losada Somoza

Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

Rubén Villar Trencó

Coordinador do Programa Abramos o Círculo

Cristina García Núñez (ata o 17 de febreiro)

Membro do Grupo de Traballo dos CIMs

M^a Consuelo Cajide Labandeira (desde o 17 de febreiro ata o 24 de maio)

Membro do Grupo de Traballo dos CIMs

Beatriz Monroy Cardoso (desde o 24 de maio)

Membro do Grupo de Traballo dos CIMs

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

14 de xaneiro

15 de marzo

26 de abril

14 de xuño

6 de setembro

26 de setembro

Actividades

a) Webinar “Que é a psicología feminista?”

Data: 28 de xuño.

Modalidade: Online.

Relatora: Norma Vázquez García, psicóloga feminista. Especialista en intervención en contexto de posguerra, trauma, dó e terapia familiar,

b) Participación na campaña “En negro conta a violencia” para amosar o compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

c) Observatorio de prensa en materia de xénero.

- d) Elaboración de diversos comunicados.
- e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

7.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

Composición:

M^a Dolores González Fernández (ata o 18 de outubro)
Coordinadora
M^a Carmen González Hermo (desde o 18 de outubro)
Coordinadora
M^a Dolores González Fernández
Eva M^a García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Manuel Prol Bao
Constantino Arce Fernández
José Antonio Barcia Tucelli
Delfina Vicente Santiago
Sección de Psicología e Saúde
Carolina Tinajero Vacas (desde o 17 de febreiro)
Sección de Psicología Educativa
Antonio Esteban Fuertes Saavedra
Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións
M^a Dolores Seijo Martínez
Sección de Psicología Xurídica

Reunión:

2 de xullo

Actividades

- a) Organización conxunta co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia) da Xornada interprofesional sobre a obesidade: abordaxe multidisciplinar desde a perspectiva psicolóxica, físico-deportiva, e nutricional, celebrada en Santiago de Compostela o 24 de setembro de 2022.
- b) Asistencia á reunión da Comisión Coordinadora da División de Psicología da Actividade Física e o Deporte (PACFD) do Consejo General de la Psicología o 22 de outubro.
- c) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

7.4 COMISIÓN DE CULTURA E SOCIEDADE

Composición:

Concepción Rodríguez Pérez, *coordinadora (ata o 31 de maio)*
Concepción Fernández Fernández, *coordinadora (desde o 31 de maio)*
Concepción Rodríguez Pérez
José Luis Domínguez Rey

Actividades

a) XIV Concurso Literario de Poesía e Narrativa do COPG Rosa de Cen Follas.

Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada, *decana*
Concepción Fernández Fernández, *coordinadora da Comisión de Cultura e escritora*
Joel Gómez, *xornalista*
Iolanda Rodríguez Aldrei, *escritora*

Presentáronse un total de 16 obras, das cales 15 foron na modalidade de narrativa e 1 na de poesía.

O xurado da XIV Edición do Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Rosa de Cen Follas” acordou por unanimidade outorgar o premio ás seguintes obras:

Modalidade de narrativa:

Gañadora

Título: Mais querendo non velo, é.

Autora: Laura Dorado Nogueiras, colexiada G-5568.

Mención especial

Título: O meu compañeiro.

Autora: Lidia Rial Calvo, colexiada G-5967.

Modalidade de poesía:

Gañadora

Título: Marusía

Autora: Charo Valcárcel Mato

A entrega dos premios celebrouse o martes 13 de decembro na Sala de Conferencias de Abanca Obra Social en Santiago de Compostela.

b) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

COMISIÓN DE AUTOCOIDADO

Composición (ata o 26 de novembro):

Fátima López Rodríguez, *coordinadora*.
M. Sandra Izaguirre García
Lorena Nieto Iglesias
M^a Carmen González Hermo
Ana I. Martínez Arranz
Vogais

Reunións:

8 de febreiro.
1 de marzo.
10 de maio.
12 de xullo.
13 de setembro.
20 de novembro.

O 13 de maio de 2022 a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia aprobou o cambio de nome do Grupo de Traballo de Autocoidado por Comisión de Autocoidado, quedando aprobado así mesmo o Regulamento de Réxime Interno da Comisión.

A Comisión de Autocoidado ten como finalidade levara cabo accións dirixidas a concienciar da importancia do autocoidado tanto na poboación xeral, como nas profesións de axuda, especialmente no colectivo da psicoloxía. A súa intención da Comisión é espertar a consciencia do autocoidado compasivo e velar polo ben común, para contribuír a cultivar o benestar.

Os obxectivos da Comisión son:

- Promover no COPG como institución unha intención de autocoidado a nivel transversal, que facilite que esta consciencia vaia emerxendo nos diferentes órganos e departamentos nos que se organiza: seccións, grupos, programas, etc...
- Promocionar e impulsar o autocoidado e o trato amable na nosa práctica profesional, e contribuír a que nas diferentes profesións esta perspectiva se incorpore na súa práctica.
- Difundir e cultivar a cultura do autocoidado e o trato amable cara a un/unha mesmo/a e cara os demais, o coidado mutuo, na nosa comunidade facilitando así a toma de consciencia do impacto positivo que esta práctica ten no noso benestar físico, psicolóxico e social.
- Promover a reincorporación da soberanía da nosa saúde, fomentando así a perspectiva do bo vivir e o benestar como perspectiva da saúde mental.
- Devolver á comunidade o seu papel no coidado e apoio mutuo das persoas en situación de maior vulnerabilidade.

a) Web Espazo Autocoidado

Creouse unha web de forma independente á do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa intención de que toda ela, tamén o seu deseño, trasládase a intención da Comisión de Autocoidado.

Está articulada coa seguinte información:

- Presentación
- Plataforma de accións: calendario anual con diferentes propostas de accións.
- Banco de recursos: onde atopar diferentes tipos de recursos: Videoteca (sementes de autocoidado, vídeos para ACIS e outros vídeos de interese), guías de práctica de mindfulness (editadas polo COPG), carteis de autocoidado e audios para a práctica de mindfulness.
- Área de Mindfulness e Compañión.
- Bibliografía
- Contacto

Esta web é compartida por institucións como o 112-AXEGA, ACIS (SERGAS), etc..

b) Actividades:

- **Xornada online de práctica en silencio.**

Dirixida para as persoas participantes nas dúas primeiras edicións do Programa de Mindfulness e Compañión no ano 2021, o 9 de abril de 2022 celebrouse esta xornada en modalidade online. Foi guiada por Ana Isabel Martínez Arranz, M. Sandra Izaguirre García, Berta Fernández Méndez e Teresa Vilanova Villar.

- **Xornada presencial de práctica de mindfulness e compañión en silencio.**

Dirixida aos colexidos e colexiadas e a poboación xeral, o 21 de maio celebrouse esta xornada en Casa Europa en Santiago de Compostela. Foi impartida por Ana Isabel Martínez Arranz, M. Sandra Izaguirre García e Berta Fernández Méndez.

- **Programa presencial intensivo de Adestramento no Cultivo da Compañión (CCT).**

Celebrouse o 18 de xuño en Casa Europa en Santiago de Compostela. Foi impartido por Ana Isabel Martínez Arranz e Berta Fernández Méndez.

- **3ª Edición Programa Mindfulness e Compañión (MyC).**

Coordinado por Ana Isabel Martínez Arranz e M. Sandra Izaguirre García no ano 2022 celebrouse a 3ª Edición do programa. Tratase dunha actividade cunha duración de 8 semanas que se celebrou entre o 1 de outubro e o 26 de novembro. Nesta edición participaron como relatoras: M. Sandra Izaguirre García, Ana Isabel Martínez Arranz, Berta Fernández Méndez e Teresa Vilanova Villar.

- **Programa oficial MSC Mindful Self-Compassion**

Este curso está deseñado para cultivar a autocompañión na vida cotiá, a amabilidade e o aprecio cara a nós mesmos e o benestar a través do adestramento na autocompañión. Dirixido a psicólogos/as colexiados/as e estudantes de 4 grado de psicoloxía, celebrouse online do 27 de xaneiro ao 24 de marzo. Foi impartido por Teresa Vilanova Villar e Ana Isabel Martínez Arranz.

- **Programa Sentarmos Xunt@s**

Coordinado por Ana Isabel Martínez Arranz e Sandra Izaguirre García e un espazo semanal de autocoidado para realizar unha práctica online guiada de mindfulness. O programa estaba dirixido a todas as persoas interesadas. Ao longo do 2022 celebrouse unha edición que dou comezo o 19 de outubro de 2021 e rematou o 14 de xuño de 2022 con un total de 663 participantes.

Meditación contra a guerra de Ucraína

O 27 de febreiro con motivo do inicio da guerra en Ucraína realizouse unha meditación online en silencio dentro do programa Sentarmos Xunt@s, para mostrar a repulsa á guerra e en defensa da paz, da convivencia e do respecto.

Desde o 16 de marzo, a actividade Sentarmos Xunt@s pasou a chamarse Sentarmos Xunt@s contra a guerra.

• Webinars:

Webinar “Escritura e autocoidado”

Data: 7 de marzo.

Relatora: Lidia Luna, psicóloga colexiada M-15942, escritora e narradora.

Contou con 433 participantes.

Webinar “O cultivo da presenza na vida diaria”

Data: 6 de xuño.

Relatora: María Noel Anchorena, psicóloga arxentina e directora da formación de instructores MSBR para latinoamerica como membro do Global Mindfulness Collaborative (GMC).

Contou con 175 persoas.

Webinar “Humanidade compartida: Habitando xuntos o momento presente”

Data: 26 de setembro.

Relator: Claudio Araya Véliz, psicólogo chileno, doutor en investigación en psicoterapia pola Pontificia Universidade Católica de Chile.

7.5 COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Composición da Comisión

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicepresidenta do COPG*. (ata o 31 de maio).

M^a Carmen González Hermo, *vicepresidenta do COPG*. (desde o 31 de maio).

Xacobe Abel Fernández García, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde*.

Alicia Carballal Fernández, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde*.

Reunións

Reuniuse en 2 ocasións en 2022. Resolvéronse 4 expedientes positivos e 3 negativos.

7.6 COMISIÓN DE VALORACIÓN AUTONÓMICAS DAS ACREDITACIÓN PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología de Emerxencias e Catástrofes:**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicepresidenta do COPG*. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Herme, *vicepresidenta do COPG*. (desde o 31 de maio).
Ana M^a Núñez Rubines, *coordinadora do GIPCE*.
Olegaria Mosqueda Bueno, *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE e a partir do 31 de maio vogal da Xunta de Goberno coordinadora do GIPCE*.
Olegaria Mosqueda Bueno, *membro da Comisión Coordinadora do GIPE*.
Julita M^a Touriño Araújo *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE*.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicooncoloxía e/ou Psicología en Coidados Paliativos:**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicepresidenta do COPG*. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Herme, *vicepresidenta do COPG*. (desde o 31 de maio).
Víctor Manuel Torrado Oubiña, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicología e Saúde*. (ata o 31 de maio).
José Berdullas Barreiro, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicología e Saúde*. (desde o 31 de maio).
Xacobe Abel Fernández García, *presidente da Sección de Psicología e Saúde*.
Noelia Pita Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicología e Saúde*.
Sabela Maceda García, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicología e Saúde*.
Rebeca Deus Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicología e Saúde*.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología do Deporte:**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicepresidenta do COPG*. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Herme, *vicepresidenta do COPG e coordinadora coa Comisión Intersectorial de Psicología do Deporte* (desde o 31 de maio).
M^a Dolores González Fernández, *coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicología do Deporte*.
Constantino Arce Fernández, *membro da Comisión Intersectorial de Psicología do Deporte*.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología Aeronáutica:**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicepresidenta do COPG*. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Herme, *vicepresidenta do COPG*. (desde o 31 de maio).
Evangeline Muíño Gómez, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de*

Tráfico e Seguridade.

M^a Jesús Sánchez Peteiro, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.
Carlos Gestal Gestal, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.

- **Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología Educativa:**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, vicesecretaria do COPG. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria do COPG. (desde o 31 de maio).
Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG e coordinador coa Sección de Psicología Educativa. (ata o 31 de maio).
Begoña Castro Iglesias, vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora coa Sección de Psicología Educativa. (desde o 31 de maio).
Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicología Educativa.
Ana M^a Ulloa Lage, vicepresidenta da Sección de Psicología Educativa.
M^a Asunción Teixeira Bautista, secretaria da Sección de Psicología Educativa.
Concepción López Martín, membro da Sección de Psicología Educativa.

- **Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología da Intervención Social:**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, vicesecretaria do COPG. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria do COPG e coordinadora coa Sección de Psicología da Intervención Social. (desde o 31 de maio).
José Manuel Oreiro Blanco, vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social. (ata o 31 de maio).
M^a Leonor Galiana Caballero, presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social.

- **Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología do Tráfico e da Seguridade (a partir do 29 de xuño de 2021):**

Composición:

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, vicesecretaria do COPG. (ata o 31 de maio).
M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria do COPG. (desde o 31 de maio).
M^a Jesús Sánchez Peteiro, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.
Pilar Casal Devesa, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.
María Mariño Barca, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.
Rosa M^a Domínguez Cameán, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

Reunións

Reuniuse en 1 ocasión en 2022. Resolvéronse un total de 3 expedientes, 2 de xeito positivo e 1 requirindo documentación adicional.

8. GRUPOS DE TRABAJO

8.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Composición da Comisión Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines
Coordinadora
Julita M^a Touriño Araújo
Secretaria
M^a Carmen González Hermo
Área de formación e área de intervención
Concepción López Martín
Área de formación
Olegaria Mosqueda Bueno
Área de documentación e comunicación
Lorena Nieto Iglesias (ata outubro)
Área de intervención

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

10 de xaneiro
14 de febreiro
7 de marzo
4 de abril
8 de maio
20 de xuño
11 de xullo
5 de setembro
10 de outubro
7 de novembro
19 de decembro

Actividades

a) Formación:

- Curso de “Saúde mental e apoio psicosocial en contextos de axuda comunitaria”
Data: 30 de abril.
Coordinadora: Ana M^a Núñez Rubines
Docentes: José María Freire Duro (G-3339), psicólogo experto en psicoloxía de catástrofes emerxencias acreditado polo Consejo General de la Psicología, e Masha Asieieva, mediadora intercultural en Ecos do Sur.
- Curso “Abordaxe do dó en emerxencias”
Data: 28 de maio.
Coordinadora: M^a Leonor Galiana Caballero.

Docente: M^a Leonor Galiana Caballero (G-2820), psicóloga escolar e infantil acreditada como espera en Psicología de Emerxencias e Catástrofes e membro do GIPCE-112.

- Curso “A comunicación de malas noticias en emerxencias”
Data: 18 de xuño.
Coordinadora: M^a Elsa Rodríguez Viña.
Docente: M^a Elsa Rodríguez Viña (G-3887), psicóloga sanitaria acreditada como experta en Psicología de Emerxencias e Catástrofes e membro do GIPCE-112.
- Curso “Avaliación e intervención en crises suicidas”
Data: 24 de setembro.
Coordinadora: Olegaria Mosqueda Bueno.
Docente: Teresa Pacheco Tabuenca (M-17375), doutora en psicología e Subdirectora Xeral de Atención e Coidados Sociosanitarios na Consellería de Sanidade da Comunidade de Madrid.
- Xornada de coidado grupal GIPCE “A importancia do silencio nas intervencións”
Data: 12 de novembro.
Coordinadora: Lorena Nieto Iglesias
Docente: Lorena Nieto Iglesias (G-3633), Hafdallah Menni (G-5399) e M^a Carmen González Hermo (G-3100), membros do Grupo de Apoio a Intervinientes (GAI).

b) Intervencións

Durante 2022 tivemos un total de 37 emerxencias, das cales 23 implicaron mobilizacións de GIPCEs e 14 foron asesoramento telefónicos realizados polas Xefas de Garda.

Intervención polo naufraxio do Vila de Pitanzo:

Entre o 15 e o 25 de febreiro tivo lugar a intervención polo naufraxio en augas de Terranova do barco Vila de Pitanzo con nove falecidos, doce desaparecidos e tres sobreviventes. Realizáronse 19 mobilizacións de GIPCEs a diferentes localidades para atender aos familiares afectados. Paralelamente púxose en marcha un dispositivo de atención psicolóxica telefónica 24 horas para as persoas afectadas a través do 112 entre o 15 e o 25 de febreiro. A cada familia asignóuselles un/unha psicólogo/a de referencia que atendeu durante toda a duración do dispositivo.

Intervencións coas persoas refuxiadas de Ucraína:

Do 30 de marzo ao 3 de xuño deuse atención psicolóxica dentro do dispositivo sanitario de atención ás persoas refuxiadas de Ucraína na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela a petición da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Durante a intervención atendéronse a máis de 50 persoas e tramitáronse 20 derivacións de urxentes ás Unidades de Saúde Mental do SERGAS.

- Foron mobilizados un total de 27 GIPCEs para as intervencións presenciais e 16 GIPCEs para a atención telefónica.

Centros ensino:

25 de xaneiro en Vilaboa (A Coruña).

15 de abril en Santiago de Compostela (A Coruña).

2 de maio en Navia-Vigo (Pontevedra).
14 e 16 de xuño en Vigo (Pontevedra).
27 de maio Carballo (A Coruña).
Do 26 de outubro ao 4 de novembro en Ourense.

Intervencións en accidentes:

15 de marzo na Coruña.
30 de abril e 1 de maio en Vigo (Pontevedra).
18 de maio en Bembibre (A Coruña).
30 de agosto e 1 de setembro en Santiago de Compostela (A Coruña).
11 e 12 de decembro en Valga (Pontevedra).
12 de decembro en Tui (Pontevedra).

Intervencións en accidentes de tráfico:

16 de xuño en Curtis (A Coruña).
30 de xuño na Coruña.
17 de xullo en Vigo (Pontevedra).
29 de xullo en Abegondo (A Coruña).
17 de outubro en Redondela (Pontevedra).
21 de novembro en Carballo (A Coruña).
Do 25 ao 27 de decembro en Pedre-Cerdedo (Pontevedra).

Suicidios:

24 de xaneiro en Vilaboa (A Coruña).
16 e 17 de abril en Nogais (Lugo).
15, 17 e 30 de maio en Carballo (A Coruña).
13 de xuño en Vigo (Pontevedra).
25 de xuño en Arbo (Pontevedra).
19 de xullo en Negreira (A Coruña).
21 de xullo en Arteixo (A Coruña).
25 de outubro en Boiro (A Coruña).
5 de decembro en Coristanco (A Coruña).
12 de decembro en Ourense.

Outras intervencións:

11 e 12 de maio en Cuba.
2 e 6 de xuño O Grove (Pontevedra).
5 de xullo en Ourense.
18 de agosto en Vilalba (Lugo).
27 de agosto nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña).
6 de novembro en Vilar de Barrio (Ourense).
9 e 10 de novembro en Ponte Sampaio (Pontevedra).

Simulacros:

- **Simulacro no Aeroporto de Peinador-Vigo.**

O 21 de xaneiro celebrouse un simulacro dun accidente aéreo na aterraxe dunha aeronave no Aeroporto de Peinador - Vigo (Pontevedra). Foi coordinado por Julita M^a Touriño Araújo, secretaria do GIPCe e participaron como intervinientes as GIPCE-COPG Cristina Pérez Vázquez, Jesica Misa Martínez e Sonia María González Fernández. Houbo dúas reunións preparatorias do simulacro o 16 de decembro de 2021 e o 14 de xaneiro de 2022 e unha reunión de avaliación e conclusións o 4 de febreiro. O 31 de marzo celebrouse unha reunión convocada polo Aeroporto de Peinador para informar dos cambios realizados no seu PEE tralo simulacro á que asistiu a coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines.

- **Simulacro no Aeroporto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.**

O 16 de marzo celebrouse no Aeroporto de Rosalía de Castro en Santiago de Compostela un simulacro de un accidente aéreo dunha aeronave que se produce no aeroporto ou nas súas proximidades. Foi coordinado por Ana M^a Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE, e as dúas GIPCE-112 M^a Silvia Pérez González e Avelina Senra Comesaña, e a GIPCE-COPG Laura Amigo Godón. Realizáronse tres reunións para a preparación do simulacro e unha cuarta reunión de avaliación e conclusións.

- **Simulacro de activación polo PEE nas instalacións da refinería REPSOL Petróleo**

Recíbese notificación do 112 Galicia para a celebración o 20 de outubro dun simulacro de activación polo Plan de Emerxencias Exterior (PEE) nas instalacións da refinería REPSOL Petróleo na Coruña.

- **Simulacro de activación polo PEE de Masoc Ibérica Biofuel, S.L.U.**

Recíbese notificación do 112 Galicia para a celebración o 4 de novembro dun simulacro de activación polo Plan de Emerxencias Exterior (PEE) nas instalacións de Masoc Ibérica Biofuel, S.L.U. en Cabo-Prioriño en Ferrol.

c) Alertas:

28 de outubro en Pontevedra.

d) Alertas por activación do PLATERGA:

27 de marzo en Rebullón - Mos (Pontevedra).
20 de abril no Polígono da Granxa - O Porriño (Pontevedra).
2 de maio en Lougares - Mondariz (Pontevedra).
10 de maio en Castiñeiras de Bueu (Pontevedra).
10 de xuño no Monte do Gozo en Santiago de Compostela (A Coruña).
16 de xullo no Polígono Industrial de Bergondo (A Coruña).
6 de novembro en Ponte Sampaio (Pontevedra).

e) Avisos 112:

9 de xaneiro en Pereiro de Aguiar (Ourense).
13 de xaneiro en Milladoiro - Ames (A Coruña).
14 de xaneiro en Mondariz (Pontevedra).
6 de febreiro en Abegondo (A Coruña).
7 de maio en Xinzo de Limia (Ourense).
8 de maio en Baiona (Pontevedra).
16 de maio en Bembrive (Pontevedra).
3 de xuño en Porto do Son (A Coruña).
2 de setembro en Cangas do Morrazo (Pontevedra).
20 de setembro en Noia (A Coruña).
21 de outubro na Baña (A Coruña).
24 de outubro na Baña (A Coruña).
5 de novembro en Lalín (Pontevedra).
6 de novembro na Coruña.
24 de novembro en Vigo (Pontevedra).
26 de decembro en Pedre-Cerdedo (Pontevedra).

f) Actividades informativas

- 29 de outubro celebrouse a **reunión informativa dos novos membros do GIPCE-COPG**. Nela informáronse do funcionamento e do traballo realizado desde o GIPCE, así como dos requisitos para manterse no Grupo e pasar ao Grupo de intervención GI-112.
- Durante o ano 2022 tamén se retomou a actualización do apartado do GIPCE na páxina web do COPG e o envío periódico de informacións sobre o grupo tanto á Circular Informativa do COPG como a INFOCOP.

g) Formación impartida

Impartíronse as seguintes actividades formativas:

- Na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP):
 - Os días 9 e 10 de marzo celebrouse o **Curso “Apoio psicolóxico básico e manexo de estrés en situacións críticas de emerxencias”**. Foi impartido por Raquel Malvárez García (G-2778), membro do GIPCE-112 e dirixido a voluntarios de Protección Civil e cun total de 16 horas lectivas.
 - Impartido por M^a Luz Losada Somoza (G-3037), membro do GIPCE-112, o 16 e 17 de marzo celebrouse o **Curso “Apoio psicolóxico básico e manexo do estrés en situacións críticas de emerxencias”** dirixido a voluntarios de Protección Civil e cun total de 16 horas lectivas.
 - O 25 e 26 de abril celebrouse o Curso “Apoio psicolóxico básico e manexo de estrés en situacións críticas de emerxencias”. Foi impartido por Olegaria Mosqueda Bueno (G-1024), membro do GIPCE-112, e dirixido a bombeiros. Contou cun total de 16 horas lectivas.

- Para a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).
- **Charla “Problemas de autolesión e ideación suicida en adolescentes”**, dirixida aos docentes e pais e solicitada polo IES de Fene para 1º e 2º de Bacharelato. Foi impartida o 25 de marzo por Mª Carmen González Hermo (G-3100), membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.
- **Charla “Intervención coa comunidade educativa ante o malestar que se observa nos menores tralos incendios deste verán na zona”**, impartida o 5 de setembro no CPI Poeta Uxía Novoneira no Courel. Foi impartida por Concepción López Martín (G-2981) e Julita Mª Touriño Araújo (G-1981), ambas membros da Comisión Coordinadora do GIPCE, e coa que se quixo dar resposta ás preocupacións e inquedanzas do profesorado e das familias-

- Participación nas V Xornadas Anuais en Expo-Ourense:

O 17 de marzo, José Ramón García García (G-2000), membro do GIPCE-COPG, impartiu a **Conferencia “Tentativas de suicidio, acompañamento de persoas atrapadas e manexo de pacientes agresivos”** nas V Xornadas Anuais en Expo-Ourense.

- Para outros organismos:

- O 6 de abril celebrouse o **Seminario “Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes”** no marco do Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Foi impartido por Ana Mª Núñez Rubines (G-3022), coordinadora do GIPCE.
- O 26 de maio, e impartido por Ana Mª Núñez Rubines (G-3022), coordinadora do GIPCE, celebrouse o Masterclass sobre a **“Intervención do Alvia”** na Universidade Internacional de Valencia (VIU).
- O 23 de decembro celebrouse o **Seminario “Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias”** no Máster de Psicoloxía Xeral, especialidade de Intervención Social e Comunitaria da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

- Participación nas I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa.

Entre o 30 de setembro e o 1 de outubro celebrouse na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ás I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa. Desde o GIPCE participou coa realización dun obradoiro e a presentación de dúas comunicacións en formato póster:

- **Obradoiro “Intervención psicolóxica en centros educativos en situacións de emerxencias”**, impartido por Olegaria Mosqueda Bueno e Concepción López Martín, ambas membros da Comisión Coordinadora do GIPCE.
- **Póster “Impacto do suicidio dun/dunha menor sobre a comunidade educativa”**. Realizado por Mª Carmen González Hermo e Ana Mª Núñez, membro e coordinadora respectivamente do GIPCE.
- **Póster “25 anos de intervencións do GIPCE en centros educativos”**. Realizado por Concepción López Martín, Julita Mª Touriño Araújo e Ana Mª Núñez, membros e coordinadora respectivamente do GIPCE.

h) Colaboración con outras institucións

- Colaboración coa *Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología* (PSICOFUNDACIÓN) a través do *Proyecto PsiCOPvid*

No mes de maio de 2022 publicáronse os resultados do **Proxecto PsiCOPvid: Avaliación do programa telefónico de atención psicolóxica dos Colexios Oficiais de Psicología durante o confinamento do 2020**, no que participaron varios Colexios Oficiais de Psicología de España.

No caso do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) colaborou nesta investigación entre os meses de marzo e xullo de 2021 achegando os datos estatísticos obtidos durante as 10 semanas de duración do dispositivo de atención telefónica 112 no confinamento e facendo o seguimento telefónico dos usuarios e usuarias que empregaron este dispositivo.

Este proxecto tiña como obxectivos:

- Avaliar a efectividade do programa de atención psicolóxica levado a cabo durante o confinamento da primeira onda da crise da COVID-19.
- Avaliar a efectividade do programa telefónico de atención psicolóxica a longo prazo, coa realización dun seguimento aos 12 meses da súa posta en marcha.

O informe cos resultados pode consultarse no seguinte enlace:

<https://documentacion.fundacionmapfre.org/documentacion/publico/es/bib/178722.do>

O artigo científico correspondente a esta investigación foi redactado e está presentado desde finais de decembro nunha revista científica inglesa e prevese a súa publicación nas vindeiras semanas.

FOTO PORTADA DO PROXECTO

i) Membros GIPCE-COPG e GIPCE-112

O número de membros totais do GIPCE-COPG ao finalizar o ano 2021 foi de 99 persoas, 40 do GIPCE-112 e 59 membros do grupo de formación GIPCE-COPG.

Durante o ano 2022 entraron a formar parte do GIPCE-COPG 5 novos psicólogos e psicólogas colexiadas. Estes membros están sendo formados para poder entrar a formar parte do GIPCE-112.

Comezouse o ano 2022 con 37 membros do GIPCE-112 e houbo tres altas que acadaron os requisitos de formación e experiencia necesarios para pasar a formar parte do GI-112.

Os compañeiros e compañeras que integran o GI-112 son as persoas encargadas das gardas e intervencións que temos durante todo o ano.

j) Grupos de traballo

Grupo de gardas

Formado por 16 GIPCEs encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención en emerxencias.

As compoñentes son: Ana M^a Núñez Rubines, Aurora Rozadilla Arias, M^a Carmen Patiño García, Concepción López Martínez, Elena González Cid, M^a Elena Seoane de la Fuente, Fátima López Rodríguez, Isabel Cabado Fidalgo, Isabel Vázquez Prado, Julita M^a Touriño Araujo, M^a Leonor Galiana Caballero, Lorena Nieto Iglesias, M^a Carmen González Hermo, M^a Luz Losada Somoza, Olegaria Mosqueda Bueno e M^a Elsa Rodríguez Viña.

A xuntanza anual celebrouse o 5 de febreiro.

Grupo de apoio a intervinientes (GAI)

O GAI é o Grupo de Apoio a Intervenientes formado na actualidade por 3 integrantes do GIPCE: Lorena Nieto Iglesias (coordinadora), M^a Carmen González Hermo e Hafdallah Menni El Ouali. Este grupo é o encargado de promover o coidado e a cohesión entre todos os e as integrantes do GIPCE e de proporcionar o acompañamento necesario a aqueles membros do GIPCE que o demanden tras unha intervención.

Reunións:

25 de xaneiro.
24 de maio.
7 de xullo.
9 de agosto.
15 de setembro.
13 de outubro.
13 de novembro.

No ano 2022 organizouse unha **xornada formativa interna** o 12 de novembro dirixida a fortalecer a identidade grupal do GIPCE e consolidar un espazo anual de coidado grupal no que promover a adquisición de ferramentas aliñadas cos valores de intervencións do GIPCE, que sexan útiles para o desempeño da nosa labor como profesionais das emerxencias: saber estar, saber acompañar e saber soste, só desde a nosa presenza.

Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado pola coordinadora do GIPCE Ana M^a Núñez Rubines e tres GIPCEs que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias: José Ramón García Gómez (provincia de Ourense), M^a Carmen González Hermo (provincia da Coruña) e Julita M^a Touriño Araújo (provincia de Pontevedra).

Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior (PEE) e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado pola Coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines, e Concepción López Martín, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

No ano 2022 quedou pendente a revisión deste Plan de Emerxencias Interno.

Grupo de Traballo sobre Violencia de Xénero

O Grupo sobre violencia de xénero está composto por cinco membros do GIPCE que tamén forman parte no Programa da Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero: Julita M^a Touriño Araújo (coordinadora), Antonia San Martín García, Juan Carlos Prados Moreno, M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

Este grupo creouse co cometido da elaboración dun díptico interno con pautas de actuación nas intervencións en emerxencias de violencia de xénero nas que hai morte por asasinato da muller e/ou seus fillos. O díptico está rematado.

Actualmente está pendente a revisión do deseño para realizar os trámites para o rexistro da propiedade intelectual para poder imprimir e difundir.

Grupo de Traballo protocolo de intervención grupal en centros educativos

No ano 2022 propónse dar un cambio a este grupo e dirixilo á especialización dos seus integrantes á abordaxe dos problemas que están manifestando os e as adolescentes (autolesións, ideación suicida, problemas de xestión emocional...) para dar resposta ás demandas de charlas, seminarios e obradoiros que están chegando desde distintos centros educativos.

Propónse que o integren Concepción López Martín, Olegaria Mosqueda Bueno, M^a Carmen González Hermo, Sandra Izaguirre García e Isabel Cabado Fidalgo.

De momento aínda non se puxo en marcha.

Grupo de Traballo para a elaboración do manual de Xefas de Garda.

No ano 2021 creouse este grupo cuxo obxectivo é a elaboración dun manual para as Xefas de Garda do GIPCE. Neste grupo participan Olegaria Mosqueda Bueno, Julita M^a Touriño Araújo e Ana M^a Núñez Rubines.

Grupo de Traballo de elaboración de material sobre diversidade e multiculturalidade.

Creouse este grupo, coordinado por Hafdallah Menni El Ouali, co obxectivo de elaborar unha guía que recolla os costumes e as características do dó nas distintas culturas. Esta guía pasará a formar parte do material de intervención para que cando xurda unha intervención con vítimas doutra relixión teñamos os coñecementos básicos que nos permitan intervir respectando os seus costumes.

Grupo de Traballo de boa praxis nas emerxencias

Este grupo foi creado a nivel estatal polo coordinador da área de emerxencias, Javier Torres Ailhaud. Está formado por ex-coordinadores e coordinadoras dos diferentes GIPCEs de España e ten como obxectivo elaborar un código ou decálogo de boas prácticas na intervención en emerxencias a nivel nacional. Representando ao GIPCE do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, forma parte deste grupo, Ana M^a Núñez Rubines.

Na actualidade xa esta elaborado e está sendo revisado por tres avaliadores externos.

k) Comité de valoración de novas solicitudes de ingreso

Creado a partir da aprobación do Regulamento Interno do GIPCE en xuño de 2016, esta composto por catro persoas:

Ana M^a Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE.

Ana Isabel Martínez Arranz, secretaria da Xunta de Goberno do COPG (ata maio).

M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria da Xunta de Goberno do COPG (desde maio).

Concepción López Martín, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

Lorena Nieto Iglesias, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

A función deste comité é valorar as novas solicitudes e o cumprimento dos requisitos tanto de ingreso como de permanencia dentro do Grupo recollidos no Regulamento Interno do GIPCE.

Tivo unha xuntanza ao longo do 2022:

14 de xuño

Durante o ano 2022 aprobáronse cinco solicitudes de incorporación ao GIPCE-COPG, e tres solicitudes para entrar no GI-112.

l) Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía en Emerxencias e Catástrofes.

Dado que o COPG é o encargado de acreditar por delegación do Consejo General de la Psicología de España, designouse un comité de valoración das solicitudes que se presenten para posteriormente remitilas ao Consejo. O comité aprobado pola Xunta de Goberno do COPG esta formado por: Ana M^a Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, secretaria do COPG (ata maio), M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria do COPG (desde maio) e Julita M^a Touriño Araújo, secretaria do GIPCE.

Durante o ano 2022 non houbo ningunha solicitude de acreditación como psicólogo/a experto/a en Psicoloxía de Emerxencias.

m) Participación en campañas de concienciación e sensibilización social.

- Campaña en colaboración coa Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG divulgada a través das redes sociais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia polo **Día Mundial da Prevención do Suicidio**, que se conmemora o 10 de setembro.
- Campaña para a promoción da saúde mental divulgada a través das redes sociais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para conmemorar o **Día da Saúde Mental**, que se celebra o 10 de outubro.
- Nova campaña “Eu son **#RRSSPONSABLE**”, en colaboración co Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, divulgada a través das redes sociais do Colexio, pola conmemoración do Día Mundial en Recordo das Vítimas de Accidentes de Tráfico o 21 de novembro.

- n) Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía das emerxencias e das catástrofes.
- o) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

8.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Composición da Comisión Coordinadora

Eva Muíño Gómez
Coordinadora
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Alejandro González Piñeiro
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Diego Antelo Guerra (ata 7 de xuño)
Adriana Rodríguez Crespo
Marta García Veiga (desde 7 de xuño)
Fernando Piñeiro Mansilla (desde 7 de xuño)

Reunións da Comisión Coordinadora

Celebráronse nas seguintes datas:

24 de febreiro.
7 de xuño.
29 de setembro.
3 de decembro.

Reunións do Grupo de Tráfico

Celebráronse dúas reunións:

26 de febreiro.
26 de novembro.

Actividades:

a) Formación:

- Sesión formativa “Detección e valoración de alteracións cognitivas postcovid que afectan ao desempeño da conducción”
Data: 26 de febreiro.
Modalidade: online.
Relatora: Gema Pérez Rojo, doutora en psicoloxía pola UAM e premio extraordinario de doutoramento.
- Sesión formativa “Valoración, restricións e adaptacións en centros de recoñecemento”
Data: 30 de abril.

Lugar: Santiago de Compostela.

Relatores: María Rosario Sanz Bara (A-0263), psicóloga no Centro de Recoñecemento a Conductores HU-1 e na Asociación Ibón para intervencións psicoeducativas con penados por delitos de tráfico; e Marta Ozcoidi Val, médico no Centro de Recoñecemento a Conductores HU-1 e vogal de formación na Sociedad Española de Medicina de Tráfico (SEMT).

- Curso “Adolescentes, TDAH e conducción”

Data: 26 de novembro.

Modalidade online.

Docentes: Javier Estévez Rodríguez (G-4500), psicólogo e psicopedagogo especializado en TDAH adolescente-adulto e Trastorno Negativista Desafiante (TND); e Ana Fátima Gómez Suárez (G-4679), psicóloga sanitaria, neuropsicóloga clínica e terapeuta familiar.

b) Intervencións

- Xornadas de Concienciación Taseval e Psicovial:

Estas xornadas están dirixidas a grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria.

Pasaron a ser reforzadas desde Psicofundación, con quen se contactou para indicar a dispoñibilidade das e dos profesionais do Grupo de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do COPG no caso de ampliar o reforzo.

- SEVIME

Este programa levábase desenvolvendo desde o ano 2010 en colaboración coas Policía Locais de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores, antes da pandemia pola COVID-19. Tras unha entrevista o 25 de outubro coa Fiscalía de Seguridade Viaria de Galicia, Palau Grau, púxose no seu coñecemento este tipo de intervención con adolescentes para que desde a Fiscalía se trate de promocionar.

c) Redacción das achegas para o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021/2025.

O 28 de abril recibíuse da Xunta de Galicia o 3º Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021/2025, no que se incluíron as propostas que se solicitaran por parte do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG: Atención integral a vítimas de tráfico no postaccidente e a intervención dos e das profesionais da psicoloxía en sensibilización, prevención/formación e programas de concienciación.

d) Campaña “Eu son #RRSSPONSABLE”

Participación na nova campaña “Eu son #RRSSPONSABLE”, en colaboración co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), divulgada a través das redes sociais do Colexio, pola conmemoración do Día Mundial en Recordo das Vítimas de Accidentes de Tráfico o 21 de novembro.

- e) Asistencia ao XIV Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense celebrado en Madrid para apoiar a mesa sobre os Protocolos nos Centros de Recoñecemento a Conductores.

- f) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

g) Participación na Comisión de Valoración de solicitudes de acceso ao Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.

h) Composición da Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade.

i) Participación en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

9. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

9.1 PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase no marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Véñse renovando anualmente desde o ano 2004.

Coordinadora:

M^a Luz Losada Somoza

Actividades

a) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 71 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 482 mulleres; foron admitidas 427 das cales 414 tiñan denuncia interposta. Un total de 389 mulleres tiñan orde de protección.
- Non se realizan intervencións a través do protocolo conxunto entre o PAPMVX e o GIPCE, aínda que si houbo unha alerta por este protocolo e si se activou o protocolo post emerxencia para familiares de mulleres falecidas.
- Ao longo do ano 2022 non foi necesario activarse o protocolo de actuación para a atención psicolóxica con interprete de lingua de signos española para persoas xordas e xordocegas.

b) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa Abramos o Círculo e a Quenda de Garda Psicolóxica Especializada.

- Curso “Intervención psicolóxica focalizada en situacións de homicidio por violencia de xénero: intervención transdiagnóstica en adultos e menores, baseada en procesos e regulación emocional”.
Datas: 6 e 13 de maio e 3 de xuño.
Modalidade: Online.

Coordinadores: Rubén Villar Trenco, M^a Luz Losada Somoza e Fátima López Rodríguez.

Docentes: Enrique Parada Torres, psicólogo psicoterapeuta pola EFPA e especialista en psicoloxía de urxencias, emerxencias e catástrofes polo COP de Madrid; María Costa Benito, psicóloga, terapeuta ocupacional, experta en violencia de xénero polo Colexio de Traballo Social de Madrid; e Beatriz Atenciano Jiménez, psicóloga infanto-xuvenil no programa CAPSEM Norte e pretencente á Rede de Atención a Violencia de Xénero do Concello de Madrid.

c) Xornada interna de traballo dos Programas de Intervención en Violencia de Xénero.

O 5 de marzo organizado conxuntamente entre os PAPMVX e Abramos o Círculo, e coordinado polos coordinadores de ambos programas, celebrouse unha xornada interna de traballo cos e coas terapeutas onde se presentaron as memorias anuais de ambos programas así como as liñas de traballo para o vindeiro ano.

Ademais explicouse o funcionamento e proceder no Portelo de comunicación interna dos Programas.

d) Formación inicial e acto de benvida para novos e novas terapeutas do Programa:

Desenvolveuse dúas xornadas formativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas o 21 de maio e o 26 de outubro. Foi coordinada por M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trenco.

Nesta formación, ademais de dar a benvida aos e ás novas terapeutas, explícanse as características e funcionamento dos programas así como a metodoloxía de traballo dentro destes dispositivos.

e) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Ao longo do ano, a coordinadora do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con Rubén Villar Trenco, coordinador do Programa Abramos o Círculo, co obxectivo de organizar as diferentes formacións e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- Ao longo do ano o coordinador mantivo diferentes xuntanzas coa Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o seguimento dos dispositivos de intervención en violencia de xénero.
- Participouse nas reunións coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG para a planificación e execución do traballo en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero.
- Mantívose contacto periódico coa asesora xurídica do COPG para a xestión de posibles casos e o asesoramento ante diferentes cuestións que xorden no dispositivo.
- Mantivéronse xuntanzas periódicas co informático do COPG para poñer en marcha e optimizar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos programas de atención psicolóxica.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

9.2 PROGRAMA ABRAMOS O CÍRCULO

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Vénse renovando anualmente desde 2001.

Coordinador:

Rubén Villar Trencó

Actividades

a) Intervencións:

O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 53 profesionais en toda Galicia.

Solicitan intervención ao longo do ano 119 homes, dos cales foron admitidos 62 e iniciaron a intervención 60.

b) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e a Quenda de Garda Psicolóxica Especializada.

- Curso “Intervención psicolóxica focalizada en situacións de homicidio por violencia de xénero: intervención transdiagnóstica en adultos e menores, baseada en procesos e regulación emocional”.

Datas: 6 e 13 de maio e 3 de xuño.

Modalidade: Online.

Coordinadores: Rubén Villar Trencó, M^a Luz Losada Somoza e Fátima López Rodríguez.

Docentes: Enrique Parada Torres, psicólogo psicoterapeuta pola EFPA e especialista en psicoloxía de urxencias, emerxencias e catástrofes polo COP de Madrid; María Costa Benito, psicóloga, terapeuta ocupacional, experta en violencia de xénero polo Colexio de Traballo Social de Madrid; e Beatriz Atenciano Jiménez, psicóloga infanto-xuvenil no programa CAPSEM Norte e pretencente á Rede de Atención a Violencia de Xénero do Concello de Madrid.

c) Xornada interna de traballo dos Programas de Intervención en Violencia de Xénero.

O 5 de marzo organizado conxuntamente entre os PAPMVX e Abramos o Círculo, e coordinado polos coordinadores de ambos programas, celebrouse unha xornada interna de traballo cos e coas terapeutas onde se presentaron as memorias anuais de ambos programas así como as liñas de traballo para o vindeiro ano.

Ademais explicouse o funcionamento e proceder no Portelo de comunicación interna dos Programas.

d) Formación inicial e acto de benvida para novos e novas terapeutas do Programa:

Desenvolveuse dúas xornadas formativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas o 21 de maio e o 26 de outubro. Foi coordinada por M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

Nesta formación, ademais de dar a benvinda aos e ás novas terapeutas, explícanse as características e funcionamento dos programas así como a metodoloxía de traballo dentro destes dispositivos.

Actividades desenvoltas polo coordinador:

- Ao longo do ano, o coordinador do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con M^a Luz Losada Somoza, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- O coordinador do Programa asistiu a varias xuntanzas coa Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia de seguimento dos dispositivos en materia de violencia de xénero conveniados co Colexio Oficial de Psicología de Galicia.
- Ao longo do ano o coordinador mantivo diferentes xuntanzas coa Decana do Colexio Oficial de Psicología de Galicia para o seguimento dos dispositivos de intervención en violencia de xénero.
- Participouse nas reunións coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG para a planificación e execución do traballo en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero.
- Mantívoase contacto periódico coa asesora xurídica do COPG para a xestión de posibles casos e o asesoramento ante diferentes cuestións que xorden no dispositivo.
- Mantivéronse xuntanzas periódicas co informático do COPG para poñer en marcha e optimizar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos programas de atención psicolóxica.
- Mantivéronse diferentes xuntanzas internas de traballo con Fátima López Rodríguez, coordinadora da Quenda de Garda de Atención Psicolóxica do COPG para a coordinación e colaboración entre os diferentes dispositivos.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a homes que adoptan actitudes inadecuadas en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión

Participación en xornadas, congresos e cursos:

- Rubén Villar Trencó, coordinador do programa participou no Programa das xornadas de sensibilización en torno á violencia de xénero para o alumnado de 1º e 2º de bacharelato do IES Pontepedriña (Santiago de Compostela - A Coruña).

9.3 PROGRAMA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO.

O 4 de xullo 2022 renovouse o convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo de Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coordinadores:

Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó

Actividades

a) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 24 profesionais en toda a comunidade.
- Actívase o servizo en 74 ocasións:
 - Atención a tres usuarias, a solicitude da Garda Civil de Culleredo.
 - Atención a cincuenta e seis usuarias, a solicitude da Policía Nacional de Vigo.
 - Atención a oito usuarias, a solicitude da Policía Nacional de Ourense.
 - Atención a dúas usuarias, a solicitude da Garda Civil de Allariz.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Sede Xudicial de Ourense.
 - Atención a tres usuarias, a solicitude da Policía Nacional de Santiago de Compostela.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Policía Local de Teo.

b) Reunións informativas para novas e novos psicólogos da Quenda:

Desenvolveuse unha xornada informativa para as novas e novos psicólogos que se incorporan á Quenda 3 de decembro.

c) Formación:

- Curso “Intervención psicolóxica focalizada en situacións de homicidio por violencia de xénero: intervención transdiagnóstica en adultos e menores, baseada en procesos e regulación emocional”.
Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e o Programa Abramos o Círculo.
Datas: 6 e 13 de maio e 3 de xuño.
Modalidade: Online.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó, M^a Luz Losada Somoza e Fátima López Rodríguez.
Docentes: Enrique Parada Torres, psicólogo psicoterapeuta pola EFPA e especialista en psicoloxía de urxencias, emerxencias e catástrofes polo COP de Madrid; María Costa Benito, psicóloga, terapeuta ocupacional, experta en violencia de xénero polo Colexio de Traballo Social de Madrid; e Beatriz Atenciano Jiménez, psicóloga infanto-xuvenil no programa CAPSEM Norte e pretencente á Rede de Atención a Violencia de Xénero do Concello de Madrid.

- Curso “Cultivo da presenza compasiva”
 Datas: 7 e 8 de outubro.
 Coordinadores: Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó.
 Lugar: Santiago de Compostela.
 Docente: Ana Isabel Martínez Arranz (C-2573), psicóloga sanitaria e instrutora do Programa Oficial de Adestramento no Cultivo da Compañión (CCT) e do Programa Oficial Mindful Self-Compassion (MSC).

d) Actividades desenvolvidas polos coordinadores

- Reunións de traballo de coordinación interna, cunha frecuencia quincenal, para planificar, coordinar e levar a cabo o seguimento das intervencións e elaborar diferentes actuacións referentes ao dispositivo.
 - Reunións entre ambos coordinadores ao longo do ano para levar a cabo a revisión e actualización de documentos de traballo interno.
 - Estableceuse coordinación con outros recursos da comunidade: Centros de Información á Muller, Forzas e Corpos de Seguridade, Servizos Sociais, Xulgados, etc.
 - Os coordinadores da Quenda asistiron a reunións para a coordinación da mesma con profesionais de diferentes ámbitos e recurso: Decana do COPG, Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Comisión Intersectorial Feminista do COPG, Asesora Xurídica do COPG, profesionais das Oficinas de Atención á Cidadanía e ás Vítimas, profesionais dos Centros de Información á Muller (CIM) e profesionais do Teléfono da Muller.
- e) Participación en entrevistas sobre a Quenda de Garda Psicolóxica en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión

9.4 INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia en materia de Protección Civil. Véñse renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) – ver epígrafe 8.1 desta Memoria– que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 40 psicólogas e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 59 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervenientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

9.5 ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

9.6 CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

9.7 CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA (COLEF Galicia).

Desde o 2021 mantense un convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia co fin de establecer un marco de actuación para a colaboración entre ambas institucións en actividades divulgativas, culturais, científicas, pedagóxicas, de promoción da saúde, de investigación e outras que sexan de interese para as dúas entidades.

9.8 ACORDO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS (UFEDEGA).

O 14 de marzo asinouse o acordo de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Unión de Federacións Deportivas Galegas para promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as dúas entidades, co fin de obter un desenvolvemento dinámico e efectivo do acordo.

9.9 CONVENIOS COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e a asesora xurídica do Colexio.

Tamén ao abeiro deste convenio organizouse a actividade Tempo da Psicoloxía, unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade e que na súa primeira edición versou sobre o tema “Unha ollada sobre o coidado da saúde mental” celebrado entre o 21 e o 24 de febreiro..

9.10. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

9.10. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinou co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

9.11. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Desde o 2013 renóvase anualmente o protocolo de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de Xustiza de Galicia, enmarcada no principio xeral de colaboración recollido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexio Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

9.12. CONVENIO COA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

Desde o 2018 mantense o convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) co obxectivo de colaborar e desenvolver conxuntamente actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias de competencia das institucións.

9.13 CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA

No ano 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de A Coruña e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a promoción da xestión e o desenvolvemento das persoas na contorna laboral.

Este acordo foi impulsado desde a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) para, entre outros obxectivos máis específicos, poñer en valor a contribución das e dos profesionais da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular, ao ámbito empresarial e organizacional.

9.14 CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LUGO

O 8 de abril asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para a iniciativas conxuntas no ámbito da formación e do asesoramento organizacional. A sinatura tivo lugar na sede da CEL e participaron a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o secretario xeral da patronal, Jaime Luis López Vázquez.

Este acordo de colaboración pretende fomentar o emprendemento, o asesoramento técnico ao tecido empresarial e a formación nos ámbitos de actuación de ambas as entidades. O pacto entre as dúas institucións comprométeas a colaborar adecuadamente para conseguir tales obxectivos. Por parte da Confederación de Empresarios de Lugo obrígase a realizar actividades de información, asesoramento e formación encamiñadas á mellora da cualificación profesional e empresarial. Pola súa banda, desde o COPG proporcionarase asesoramento en cuestións relacionadas coa Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, en temas como o deseño de programas de información e formación relacionados coa prevención de riscos laborais ou a xerencia de recursos humanos, entre outros.

9.15 CONVENIO CON PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (GRUPO PSN)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Aseguradora para Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN) asinaron o 13 de novembro de 2019 un acordo de colaboración para o desenvolvemento da actividade profesional, proporcionando distintas solucións de cobertura e protección persoal das persoas colexiadas e de calquera outro servizo de carácter profesional.

10 SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito penal
- Dereito civil
- Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2022, elaborada por Unión Profesional de Galicia, que inclúe tamén unha listaxe de mediadoras e mediadores .

11 SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 54 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

12 BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

Na súa reunión do 9 de decembro, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acordou convocar a **XIII Edición da Beca Siota** de Investigación en Psicoloxía que ten por obxecto fomentar a realización de estudos e investigacións da área da Psicoloxía.

13 PREMIOS DE COMUNICACIÓN XOAN VICENTE VIQUEIRA

No ano 2022 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou os Premios de Comunicación Xoán Vicente Viqueira, en colaboración coa aseguradora Broker's 88, cos que se pretende recoñecer o labor divulgativo da Psicoloxía nos medios de comunicación social, primando a ética, a responsabilidade, as boas prácticas e contrarrestando as pseudociencias.

Xoan Vicente Viqueira foi un dos referentes da historia da Psicoloxía en Galicia. En 2022 cumpríronse 98 anos da morte deste psicólogo e filósofo galego, que foi un dos intelectuais mellor formados naquela altura. Tiña unha inmensa preocupación sobre o ensino da Psicoloxía, e de feito, deseñou o seu proxecto ou un plan de desenvolvemento desta ciencia entre nós, tras coñecer o modelo alemán. De feito, a súa precoz morte, impediu que puidese afondar neste impulso á psicoloxía no noso país que sempre tivo presente. Viqueira é un bo exemplo da comunión entre o traballo científico, investigador, e a divulgación intelectual á sociedade a través dos medios de comunicación.

Constan de dúas categorías: a primeira é o Premio Xornalístico do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dirixido a xornalistas que publicasen ou emitisen algún traballo en relación coa Psicoloxía. E a outra categoría é a do Premio de Comunicación a aqueles psicólogos e psicólogas colexiadas do COPG que colaboren de forma frecuente e continuada cos medios de comunicación co obxectivo de divulgar a profesión da Psicoloxía na sociedade, desde o rigor, a ética e a vocación de servizo público.

Nesta primeira edición resultaron gañadoras, cadansúa categoría, a xornalista Ana G. Liste e a psicóloga Victoria Canosa. Así mesmo, o xurado fixo mención da xornalista Selina Otero así como da psicóloga Manuela del Palacio. A entrega tivo lugar o 20 de maio no Pazo de Rianxiño, en Rianxo, no marco do acto de Achegas da Psicoloxía.

O xurado, constituído por membros do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e representación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, destacou na categoría de do premio xornalístico a reportaxe de Ana G. Liste publicada no xornal online *Praza* “O impacto da tensión familiar pola COVID na infancia, o reto pendente para despois da pandemia”, pola súa abordaxe do impacto psicolóxico na poboación máis nova da pandemia, recorrendo a fontes expertas para expoñer a necesidade de recursos. Así mesmo, estimou outorgar unha mención á entrevista “Quando alguen tenga ideas de suicidio que acuda al médico, que no espere”, publicada por Selina Otero no *Faro de Vigo*, a profesionais da Unidade de Prevención do Suicidio de Vigo, poñendo en valor o papel da psicoloxía e deste tipo de dispositivos para previr este grave problema de saúde pública.

Na categoría do premio de Comunicación, o xurado estimou o blog “Nunca es tarde para sentirse mejor” como a proposta gañadora, presentada pola psicóloga Victoria Canosa, un traballo continuado de divulgación da psicoloxía, de promoción da saúde, desde a responsabilidade e a vocación de servizo público. Tamén acordou destacar a candidatura de Manuela del Palacio, destacando a entrevista emitida na Radio Galega “A orientadora Manuela del Palacio salienta a necesidade de ensinar aos cativos a seren resilientes”, polo seu exemplo divulgando o papel da Psicoloxía Educativa e os seus beneficios no coidado da saúde mental dos máis novos.

O xurado destacou a alta calidade das propostas presentadas, que foron un total de 21 traballos en distintos formatos e recollendo as distintas perspectivas da profesión publicados ao longo de 2021.

O xurado estivo presidido pola decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e constituído por Ángel Palomino, xerente de Brokers'88; Alejandra Fernández Rodríguez, vicesecretaria e coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión do COPG; José Manuel Oreiro Blanco, vogal de publicacións do

COPG; Concepción Rodríguez Pérez, coordinadora da Comisión de Cultura do COPG; Moncho Paz, membro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia; e Eliana Martíns, responsable de Comunicación do COPG.

14 EVENTOS COLEXIAIS

14.1. ACHEGAS DA PSICOLOXÍA.

O 20 de maio celebrouse no Pazo de Rianxiño, en Rianxo, o acto **Achegas da Psicoloxía**, no que o Colexio fai entrega dos premios institucionais e distincións. Nesta edición, outorgouse o **Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade** ao Movemento Galego de Saúde Mental, polo seu compromiso co coidado da saúde mental da comunidade e a defensa dos dereitos á atención nos servizos públicos.

O alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños, deu a benvinda ao acto no que puxo de relevo a importancia do coidado da saúde mental, especialmente coa responsabilidade no público. Previamente á entrega do acto, impartíuse unha conferencia co título “Saúde mental: dereitos e dignidade”, impartida por Rosa Cerqueiro e Miguel Vieito, membros do Movemento Galego de Saúde Metal. Tamén se fixo entrega do recoñecemento aos colexiados e colexiadas que levan 25 anos formando parte do COPG.

No marco do acto de Achegas da Psicoloxía, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entregou tamén a distinción de **Colexiada de Honra** á psicóloga María Isabel Pereira Calviño (G-0594). Con esta significación pretende recoñecerse a extraordinaria entrega persoal dos seus colexiados e colexiadas tanta á institución como ao desenvolvemento da profesión da Psicoloxía en Galicia. Especialmente significativo o seu papel na organización colexial, participando ao longo de todo este tempo en distintas responsabilidades, como foi secretaria da Xunta Reitora do que se denominaba Delegación de Galicia do Colexio Oficial de Psicólogos entre 1986 e 1989, para despois ser vicepresidenta entre 1989 e 1995. Ademais foi presidenta da Comisión Deontolóxica do COPG entre 1997 e 2005 e formou parte da Comisión Xestora que impulsou a creación a Sección de Psicoloxía Clínica, entre outras responsabilidades.

Tamén se fixo entrega da primeira edición dos **Premios de Comunicación Xoán Vicente Viqueira**, que convoca o COPG en colaboración coa aseguradora Broker's 88.

14.2. ACTO DE BENVIDA AOS NOVOS E NOVAS COLEXIADAS DO COPG.

O 13 de decembro, no marco da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tivo lugar o acto de benvinda a novos colexiados e colexiadas que se incorporaron ao COPG durante o ano 2022. O acto celebrouse no Centro Obra Social Abanca en Santiago de Compostela.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, abriu o acto cunha benvinda e a continuación a secretaria do Colexio, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, presentou os distintos servizos que ofrece o Colexio e déronse a coñecer os modos de participación colexial. Fíxoselles entrega aos novos e novas colexiadas dun pequeno presente conmemorativo, en recordo do importante paso na súa carreira profesional.

14.3 OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS.

▪ Tempo da Psicoloxía “Unha ollada ao coidado da saúde mental”

Entre os días 21 e 24 de febreiro tivo lugar a cuarta edición de Tempo da Psicoloxía, un proxecto organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que se desenvolveu en Santiago de Compostela.

Tempo da Psicoloxía é unha actividade divulgativa deste ámbito científico e profesional na sociedade nada en 2019, que aborda unha temática concreta en cada edición desde o prisma da psicoloxía, pero en interacción con outros axentes sociais. Desde ambas institucións considerouse que esta edición debería centrarse nos coidados da saúde mental en contextos como o comunitario, o laboral ou nos educativos.

Co tema central “Unha ollada ao coidado da saúde mental”, esta edición celebrouse en modalidade online, e abordou as seguintes mesas:

- O luns 21 comezou coa primeira das palestras baixo o título “Para saírmos mellores: saúde mental na comunidade”, na que interviron Rosa Cerqueiro Landín, psicóloga clínica e voceira do Movemento Galego de Saúde Mental; Tania Rodríguez Canitrot, psicóloga do Concello de Piñor (Ourense) e Marcos Lorenzo, xestor cultural e escritor, autor do libro *Dous escritos sobre a felicidade*. Estivo moderada pola xornalista Isabel Bravo.
- O martes 22 foi a quenda da xente máis nova nunha palestra titulada “Fortalecendo os alicerces: saúde mental na infancia e a xente moza”, na que participaron Begoña Castro Iglesias, psicóloga e orientadora educativa; Mariano Carrero Moure, psicólogo clínico infanto-xuvenil na USM Hospital da Costa, Burela; Ana Fidalgo Clase, estudante do Grao de Psicoloxía da USC; Sara Purcell Sobrino, psicóloga da Unidade de Atención Psicolóxica da USC; e María Alzate Rodríguez, xefa do servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Nesta ocasión estivo moderada tamén pola xornalista Selina Otero.
- A última das palestras, o mércores 24, foi o momento de falar do contexto do traballo, “Coidando a vida laboral: saúde mental no traballo”, moderada polo xornalista Julio Pérez. Nela interviron Carlos Montes Piñeiro, profesor de Psicoloxía Social da Facultade de Psicoloxía da USC; María Botana Rocamonde, asesora da PRL e RSE na Confederación de Empresarios da Coruña; Adrián Varela Pomar, Técnico de Saúde Mental FEFES Galicia; e Adela Quinzá-Torroja, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

▪ Falamos, Ciclo de experiencias compartidas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

A Vogalía de Formación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou en 2021 un espazo para compartir aprendizaxes e experiencias entre os compañeiros e compañeiras do COPG, un punto de encontro para a profesión. Dentro deste espazo compartiuse un webinar sobre unha publicación, libro, investigación, un caso clínico, un programa de intervención ...

Ao longo do 2022 celebráronse 9 webinars coa seguinte temática:

- 13 de xaneiro. **Webinar: Presentación do libro “Superar una adicción en cinco etapas”**. Impartido por Maximino Portela Freire (G-1653), psicólogo especialista en psicoloxía clínica e máster en drogodependencias.
- 3 de febreiro. **Webinar “Achegas do COPG para a intervención psicolóxica en educación fronte as emerxencias e a COVID-19”**. Impartido por Olegaria Mosqueda Bueno (G-1024),

psicóloga educativa e membro da Xunta Directiva do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

- 3 de marzo. **Webinar: Presentación do Grupo de Traballo de Trastornos Adictivos “¿Quiénes somos, de dónde venimos, a dónde vamos?”**. Impartido por María Carou López (G1933), psicóloga clínica, maxister en drogodependencias e coordinadora do Grupo de Traballo de Trastornos Adictivos da Sección de Psicología e Saúde do COPG; e Greardo Sabio Fernández (G-3718), psicólogo clínico, maxister en drogodependencias e director en Asfredo, Asociación Ferrolana de Drogodependencias.
- 7 de abril. **Webinar “Programas psicoeducativos en compaixón”**. Impartido por Ana Isabel Martínez Arranz (G-2573), psicóloga acreditada para o exercicio de actividades sanitarias e instrutora dos programas CCT e MSC do COPG.
- 2 de xuño. **Webinar: Presentación do libro “Ser adolescente. ¿Transición o destino?”**. Impartido por Ricardo Fandiño Pascual (G-1955), psicólogo clínico, doutor en Psicología, e coordinador xeral da Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e na Adolescencia (ASEIA); e Maria Vanessa Rodríguez Pousada (G-5845), psicóloga sanitaria, psicopedagoga e sexóloga, membro fundadora de ASEIA e vicepresidenta da Sociedade Galega de Sexoloxía (SOGASEX).
- 16 de xuño. **Webinar “Estado da Psicología nas artes escénicas no noso país”**. Impartido por María Teresa González Mallo (G-3125), psicóloga experta en sistémica familiar e membro da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia (ATFMG) e Membro da Asociación Española de Psicología de la Música y la Interpretación Musical (AEPMIN).
- 8 de setembro. **Webinar: Presentación do libro “El psicólogo cuenta”**. Impartido por Andrés Sampayo Salgueiro (G-3314), psicólogo acreditado para o exercicio de actividades sanitarias, presidente da Asociación de Psicoanálise Aplicado Gradiva e autor do libro “El psicólogo cuenta”; Cristina García Echave, licenciada en medicina con especialidade en psiquiatría; e Cruz Fernández González, enfermeira especialista en saúde mental.
- 6 de outubro. **Webinar “(In)visibilizando: O valor de nomearnos”**. Impartido por Noelia Turnes Boquete (G-6577), graduada en psicología pola Universidade de Santiago de Compostela.
- 1 de decembro. **Webinar: Presentación do libro “Vivir siendo libre”**. Impartido por Raquel Graña Fernández (G-5746), psicóloga e sexóloga, creadora do proxecto “Íntimas conexións sobre educación afectivo sexual”. Autora dos libros “Sex on” e “Vivir siendo libre”.

15. REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS DA ADMINISTRACIÓN

Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

Consello Galego de Saúde

Titular: Francisco Javier Sardiña Agra

Suplente: Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: M^a Leonor Galiana Caballero

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual

Titular: Luisa M^a Blanco Caramés

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego

Suplente: M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López

Suplente: Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio Fontelo López

Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso

Suplente: M^a Jesús Cejudo López

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello da Coruña

Titular: Carlos José Losada López

Suplente: Víctor Manuel Torrado Oubiña

Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos

Titular: Sagrario Ferreira Pernas

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Rocío García Calvo

Suplente: Marta Bouzas Lameiro

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña

Titular: M^a Leonor Galiana Caballero

Suplente: M^a Concepción Prado Álvarez

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte

Titular: María Dolores González Fernández

Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada

Suplente: Hipólito Puente Carracedo

Grupo de Traballo 4 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: Mónica Permuy López

Subgrupo Técnico do Grupo de Traballo 4 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: Mónica Permuy López

Grupo de Traballo 5 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: Lidia Álvarez González

16. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- O vicedecano do COPG e coordinador na nosa comunidade autónoma do Proxecto PsiCE “Prevención dos problemas emocionais no contexto educativo: eficacia do protocolo unificado para o tratamento transdiagnóstico para adolescentes”, Hipólito Puente Carracedo, participou xunto co resto de psicólogos/as galegos/as designados como colaboradores/as no devandito estudo nunha xuntanza coa coordinación estatal celebrada o 19 de xaneiro.
- O membro do Grupo de Traballo de Envellecemento da Sección de Psicoloxía da Intervención social do COPG, Arturo José Pereiro Rozas, asistiu en representación do Colexio o 29 de xaneiro en Santiago de Compostela ao encontro “Alzheimer hoxe; atención integral e especializada en demencias”, organizado pola Federación de Alzheimer de Galicia.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 3 de febreiro en Madrid ao acto “*La ley de familias. Un país que cuida a sus familias*” coa Ministra de Dereitos Sociais.
- A coordinadora do Grupo de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do COPG e vogal da directiva da División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, Eva Muíño Gómez, asistiu a unha reunión na Dirección Xeral dos Dereitos dos Animais no Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. A reunión asistiron tamén Carmen Linares, decana do COP Tenerife e representante da División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, Teodoro Abbad, Subdirector Xeral e Coordinador da Área Técnica, e Ruth Manzanares, asesora técnica.
- O representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na Plataforma SOS Sanidade Pública, Eduardo Martínez Lamosa, participou nas xuntanzas da plataforma os días 10 de febreiro e 30 de maio.
- O 16 de febreiro, a decana, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo a primeira xuntanza do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da Unión Profesional e para o que foi designada polo Consejo General de la Psicología.
- José Manuel Oreiro Blanco, vogal da Xunta de Goberno, participou en representación do COPG nun encontro multidisciplinar do Proxecto Europeo SERV - Servizos e dereitos para as vítimas de delitos, financiado polo Programa de Xustiza da Unión Europea, os días 18 e 21 de febreiro.
- Con motivo do Día da Igualdade Retributiva, a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 22 de febreiro, designada polo Consejo General de la Psicología, nunha xornada para abordar as ferramentas normativas para acadar a igualdade retributiva entre mulleres e homes e abordar a becha de xénero no ámbito laboral.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na mesa redonda con motivo do Día Internacional da Muller “A muller parte do tecido empresarial”, o 3 de marzo, coa participación

da Presidenta do Observatorio de Igualdade de Oportunidades do Grupo Social ONCE, Patricia Sanz Cameo.

- M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, participou en representación do Colexio no acto “A ciencia ten a mellor resposta”, organizado polo Colexio de Médicos da Provincia da Coruña e celebrado o 5 de marzo en Santiago de Compostela.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu ao acto institucional con motivo do Día Internacional das Mulleres, organizado polo Ministerio de Igualdade e o Instituto das Mulleres, celebrado o 7 de marzo en Madrid.
- Eduardo Martínez Lamosa, vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde e representante do COPG na Plataforma SOS Sanidade Pública, participou nunha xuntanza o 9 de marzo.
- Xunto coa vicesecretaria do COPG, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, a decana M^a Rosa Álvarez Prada, asistiron o 11 de marzo en Salamanca ao V encontro Hispano Luso.
